

PLAN XERAL ANUAL

CURSO 2.022- 2.023

**CEIP. “ALFREDO BRAÑAS”
PAIOSACO (Lestón- A Laracha)**

SUMARIO

1. Obxectivos xerais do Centro.
2. Descrición do Centro. Deficiencias detectadas no Centro e actividades feitas para corrixilas.
3. Dinamización lingüística e PLC
4. Dinamizacións
 - 4.1 Biblioteca e Plans de Lectura
 - 4.2 Tics
 - 4.3 Dinamización Plan Dixital
 - 4.4 Convivencia
5. Actividades Complementarias e Extraescolares
6. Programa anual de Formación do profesorado.
7. Documentación do centro
8. Concreción anual do plan de atención á diversidade
9. Programación anual de PT e AL
10. Plan para a potenciación e organización das relacións coa comunidade escolar.
11. Agrupamento dos alumnos.
12. Adscrición do profesorado.
13. Organización Pedagóxica.
14. Distribución horaria do calendario escolar.
15. Relación de libros de texto.
16. Plan de organización persoal non docente.
17. Plan para a realización do transporte escolar.
18. Servizo de comedor escolar e madrugadores.
19. Plan de Autoprotección do Centro

INTRODUCCIÓN.

Nun curso no que convivirán dúas leis educativas, convén ter presente a organización curricular desta programación que terá como marco referencial as ensinanzas reguladas na seguinte normativa:

- Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro (BOE do 1 de marzo).
- Decreto 105/2014 do 04 de setembro de 2014 (DOG do 9 de setembro), para Educación Primaria.
- Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria.
- Decreto 155/2022 de 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Infantil.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

1.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

- Garantir unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.
- Promover no alumnado as relacións interpersoais cos compañeiros e cos adultos do seu contorno escolar e social.
- Traballar pola igualdade real entre homes e mulleres.
- Traballar polo benestar emocional de alumnado e mestres.
- Fomentar o respecto ás persoas, evitando as etiquetas.
- Continuar a sensibilizar ao alumnado no respecto do medio ambiente, empezando polo máis próximo: aula e patio escolar.
- Promover hábitos saudables no consumo.
- Fomentar entre a comunidade educativa o uso das TICs e implantar o Plan Dixital do Centro aprobado en xuño de 2022 a fin de facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice os recursos humanos e materiais do centro
- Acadar o dominio das dúas linguas oficiais: galego e castelán.
- Favorecer na nosa comunidade educativa a atención á diversidade.
- Difundir e aproveitar os recursos do Departamento de Orientación.
- Considerar a biblioteca escolar como unha mediateca que centralice os recursos multimedia e como recurso para a dinamización lectora e a alfabetización informacional.
- Impulsar a coordinación entre os diferentes cursos.
- Potenciar o coñecemento da lexislación educativa entre toda a comunidade educativa.
- Apoiar ao profesorado que quere ampliar a súa formación, facilitándolle a asistencia a cursiños, seminarios, grupos de traballo,...
- Impulsar proxectos globais integrados para todo o centro.
- Fomentar a participación en actividades deportivas, incidindo na non competitividade, e inculcarlles que o importante é participar.
- Animar e favorecer actividades lúdicas, participando en todas as celebracións que se realicen ao longo do curso escolar.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

- Fomentar a colaboración entre pais e mestres para que redunde nunha mellor educación para os seus fillos.
- Dar información aos pais a través da reunión xeral, así como das restantes reunións cos titores nas entrevistas persoais ao longo do curso.
- Posibilitar aos pais que realicen actividades extraescolares, a través da ANPA, poñendo á súa disposición as instalacións do Centro coa aprobación do consello escolar.
- Solicitar a colaboración do Concello, para que intente solucionar todas as deficiencias de mantemento nas instalacións do Centro.
- Seguir colaborando co Concello para facer, na medida do posible, actividades culturais e deportivas.
- Seguir solicitando á Consellería as melloras e reparacións estruturais necesarias e o equipamento que se necesite no Centro.

2.- DESCRICIÓN DO CENTRO. DEFICIENCIAS DETECTADAS E ACTIVIDADES FEITAS PARA CORRIXILAS

INSTALACIÓNS INTERIORES:

Coa desaparición dos grupos burbullas e as distancias, as instalacións interiores do centro recobran o seu uso habitual. Así a aula de inglés que funcionou como segundo comedor, retoma o seu uso académico e a Biblioteca deixa de ser a segunda aula de informática para ser de novo Biblioteca. Tamén tornou as aulas os mobiliario complementario retirado para incrementar o espazo.

Ao longo deste curso reinstalaranse os recunchos tics nas aulas en función do equipamento dispoñible.

A distribución queda como segue:

Edificio administrativo:

Baixo	Conserxería, despacho auxiliar (titoría), dirección sala de mestres, D. de orientación	Aula 4º E. Infantil Aula de Informática
1º andar		Aula de 5º E. Infantil Aula de 6º E. Infantil Sala de usos múltiples Biblioteca

Edificio E. Primaria

Baixo		Aulas de 1º EP Aulas de 2º EP Aula de Música Aula de Inglés
1º andar	Despacho PT Despacho AL	Aulas de 3º EP Aulas de 4º EP Aulas de 5º EP Aulas de 6º EP

Por acordo do profesorado, o alumnado permanece na mesma aula durante o ciclo, excepto a aula de 4º de E.Infantil que sempre é a mesma.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

A día de hoxe as deficiencias detectadas, comunicadas e, solucionadas ou non, son:

- Durante o período estival o concello realizou os arranxos solicitados que inclúen a eliminación dos mostradores de obra das aulas de 5º e 6º de E. Infantil e reinstalou os lavabos existentes a altura axeitada para o alumnado. Ademais realizou as reparación e substitucións das luminarias avariadas.
- Durante o período estival arranxáronse as deficiencias detectadas na inspección regulamentaria da rede de baixa tensión (OCA)
- Dende o curso 2016/17 solicitouse tanto ao Concello coma á Consellería de Educación a substitución dos sanitarios do edificio de primaria, xa que son os orixinais do centro e despois de 35 anos precisan renovación. Seguiremos insistindo na petición, xa que as avarías son constantes. O concello vai solucionando as deficiencias que van xurdindo pero segundo os fontaneiros, os canos son de ferro e están moi oxidados, polo que poden romper en calquera momento. Neste momento temos varias cisternas cun funcionamento deficiente pendentes de reparación polo fontaneiro.
- Durante o período estival, a Consellería substituíu toda a carpintaría do centro polo que agora tanto ventás como portas de acceso son novas.
- Conexión a internet:
 - Segue pendente a retirada dos armarios RAC do despacho de administración e dunha das aulas pola contaminación acústica que provocan, actuación da que xa fixeron o replanteo o 3 de marzo do 2018 pero que aínda non realizaron.
 - A empresa Movistar, actual empresa da consellería, iniciou o cambio da liña ADSL por fibra pero segue pendente a instalación do respaldo. Segundo un técnico que visitou o centro no mes de setembro, a conexión por radio enlace existente no centro é a que actúa de momento como respaldo.
 - Indicar que durante o mes de setembro o edificio de Primaria estivo sen conexión co conseguinte prexuízo para mestres e alumnado. Foron moitas as xestións realizadas pola dirección do centro para arranxar a avaría que precisou dun novo tendido de cables entre edificios ordenado pola Unidade Técnica da Xefatura Provincial e intervención do CXR, dado que as empresas enviadas por Movistar avariaron máis que arranxaron.

- Estores anti- calor: Pola substitución das ventás foi preciso retirar os estores que tiñamos nas aulas. Ao longo deste primeiro trimestre colocaranse de novo

INSTALACIÓNS EXTERIORES

A día de hoxe as deficiencias detectadas, comunicadas e solucionadas ou non son:

Realizadas:

- O concello realizou tarefas de poda e limpeza do patio e do xardín. Neste trimestre instalarán redes novas de protección no campo de fútbol.
- A consellería illou con SATE as dúas fachas do edificio administrativo que quedaran sen el na reforma do curso pasado.

Pendientes:

- O arranxo do campo de fútbol existente dentro do centro anunciado en agosto do 2015 polo Concello (alisado do terreo, substitución de porterías, cunetas..) segue sen realizar por falta de orzamento.
- Continuar coa substitución do muro de peche ao centro iniciada hai 3 cursos.
- Reparación do telladiño de formigón sito na porta principal do edificio administrativo pendente de impermeabilización.
- Asilar con SATE as tres fachadas do E. Administrativo que quedaron sen el no curso anterior

******O equipo directivo seguirá facendo as xestións oportunas ante os organismos pertinentes para manter o centro en bo estado e solicitar as melloras necesarias en beneficio de toda a comunidade educativa.***

3.- DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA (PLC)

- Análise sociolingüística: lingua predominante no entorno.
- Obxectivos educativos do PE en canto á dinamización da lingua.
- A dinamización lingüística no PXA.
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Distribución lingüística curricular.
- Medidas de apoio e reforzo para garantir os obxectivos de fomento do plurilingüismo.
- Medidas adoptadas para mellorar a competencia lingüística do alumnado.
- Responsables da elaboración do PLC.

1.- Análise sociolingüística: lingua predominante no entorno.

Esta análise está baseada na observación e no tratamento da información que se desprende dunhas enquisas feitas ás familias do alumnado, ao propio alumnado e ao profesorado en cursos anteriores.

Este método ten a desvantaxe do falseamento de datos que habitualmente se produce por parte dos enquisados, pero nun centro pequeno coma este, é sinxelo corroborar os datos por observación en contextos espontáneos como son as entradas e saídas ás aulas, os recreos, as actividades nas que participa toda a comunidade educativa, etc...

O Centro está situado no rural pero preto de núcleos urbanos maiores. Case todos os alumnos e alumnas do centro son orixinarios do concello da Laracha, agás un sector procedente doutros países e culturas diferentes. Están matriculados tres alumnos de orixe iberoamericano, trece de orixe africano-árabe, tres de etnia xitana e unha alumna de Europa do Leste. Neste senso, os alumnos con maior descoñecemento da lingua galega, e tamén da castelá, son os de orixe africano, pese que a maioría deles xa naceron en Paiosaco pero, segundo constatamos cada curso, non entran en contacto coa lingua galega ata a chegada ao colexio xa que no ámbito familiar falan só en árabe.

A pesar desta dificultade, tanto no caso de alumnado procedente doutros países como no de alumnado procedente doutras comunidades, o primeiro obxectivo polo que respecta á lingua galega, será o de dotalos das estruturas lingüístico-comunicativas

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

necesarias para que empreguen correctamente o galego, sen deixar de lado o enfoque intercultural polo que respecta á súa propia lingua.

De cara a determinar a situación sociolingüística do centro contamos con catro índices: o contexto sociolingüístico do centro, a situación do profesorado, a situación do alumnado e a ambientalidade lingüística do centro. A análise destes catro índices, indícanos que:

- Contexto sociolingüístico do Centro: Predomina o galego
 - Lingua habitual dos fogares: Predomina o uso do galego
 - Lingua habitual nas interaccións comunitarias: Predomina o uso do galego
 - Lingua empregada polo Concello: Predomina o uso do galego
 - Lingua empregada polas entidades asociativas: Predomina o uso do galego

- Situación do profesorado: Boa
 - Lingua habitual: castelán e galego por igual
 - Capacitación: Alta
 - Actitudes sobre a normalización do galego: Alta
 - Actitudes sobre o galego no ensino: Alta

- A situación do alumnado: Boa, agás dous nenos procedentes do estranxeiro (Marrocos) que forman parte do grupo de adquisición das linguas ao descoñecer as dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma.
 - Lingua habitual: Predomina o galego
 - Lingua familiar: Predomina o galego
 - Lingua habitual no Centro. Predomina o galego
 - Competencia comunicativa: Boa
 - Actitudes sobre a normalización do galego: Favorable
 - Actitudes sobre o galego no ensino: Favorable

- A ambientalidade do Centro: Boa
 - Uso do galego na documentación: Pleno
 - Uso do galego nas comunicacións co alumnado: Pleno

- Uso do galego nas interaccións informais mestres- alumnos: Pleno
- Uso do galego polo persoal non docente: Predomina o galego.
- Uso do galego na ANPA: Amplo
- Uso do galego nas actividades extraescolares: Amplo
- Fondos en galego na biblioteca: Ben
- Presenza do galego nas TICs: Aceptable
- Visibilidade das accións do EDLG: Ampla

Deste estudo podemos concluír que nos atopamos nun **CONTORNO CON PREDOMINIO DO USO DO GALEGO** (Indicador Global).

2.- Obxectivos do Proxecto Educativo en canto á dinamización da lingua.

No Proxecto Educativo, pendente de revisión tras a implantación da nova lei educativa, os obxectivos tendentes á dinamización lingüística son os seguintes:

- Fomentar na convivencia da nosa comunidade a idea de que a lingua galega é algo propio que forma parte da nosa esencia de persoas, e aínda que supoña un esforzo para o alumnado e o profesorado o feito de que forme parte do currículo escolar, debemos aceptalo como o xeito de que se chegue a falar en toda Galicia dunha forma normalizada e que non se perda como idioma.
- Utilizar o idioma galego como lingua vehicular nas reunións oficiais.
- Utilizar o idioma galego en todas as celebracións colectivas e públicas que teñan lugar no colexio.
- Potenciar no noso alumnado o gusto e respecto pola nosa lingua, cultura e tradición.
- Fomentar o hábito lector e gusto pola lectura en lingua galega.

3.- A dinamización lingüística no PXA.

O equipo de EDLG está formado por:

- Iván Barrós Álvarez (Coordinador do EDLG).
- Aloia Picón Pérez.
- Luzdivina Mouce Debasa.
- Sandra Lema Ozón.

- Sonia Reigía Regueira.

3.1.- Plan específico para o ensino en lingua galega.

En Educación Infantil a ensinanza será en galego, xa que é a lingua materna da maioría dos alumnos/as.

Na Educación Primaria impartiranse en galego as seguintes áreas: Lingua Galega e Literatura, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Física, Música e Relixión/Valores sociais e cívicos.

3.2.- Obxectivos orientados á dinamización lingüística.

- Escribir todos os comunicados oficiais en galego.
- Realizar actividades de dramatización en galego.
- Fomentar a expresión escrita a través do xornal escolar e doutras actividades complementarias (concursos, redaccións...).
- Aumentar a cultura persoal dos alumnos/as celebrando a Semana das Letras Galegas e demais celebracións populares de tradición, conservando o máis posible os nosos costumes.

4.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Como obxectivo prioritario está que o alumnado manteña a competencia e o uso habitual do galego, é dicir, que na escola non perdan o galego que traen da casa; e consolidar a competencia que xa posúen da lingua castelán que é moi doado de conseguir, dado que están garantidas as actitudes positivas cara a un idioma de alto prestixio social.

Obxectivos:

- Promover a dinamización lingüística no ensino, procurando que a nosa lingua sexa a lingua vehicular do centro.
- Promover a dinamización lingüística nos órganos de goberno, tanto unipersoais como colexiados do centro: actas, documentos, circulares.
- Promover a dinamización lingüística en todos os órganos de coordinación.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

-
- Prestixiar e dignificar a nosa lingua co seu uso cotián no seo da nosa comunidade educativa.
 - Celebrar datas ou conmemoracións festivo-populares con fins divulgadores da nosa lingua e cultura.
 - Continuar e poñer en práctica medidas que potencien o uso do galego, tamén en actividades complementarias.
 - Favorecer a lectura de libros en galego e impulsar a súa adquisición para a biblioteca do centro e das aulas.
 - Potenciar un fondo de material didáctico, fonográfico, videográfico e informático galego.
 - Favorecer as actividades de animación á lectura.
 - Continuar coa elaboración e divulgación do noso xornal. Este curso editarase o exemplar N° 40.
 - Ofertar actividades musicais e teatrais.

Actos e actividades dinamizadoras:

- Consolidar o proceso de dinamización de todos os aspectos do aparello administrativo burocrático do centro e dos seus órganos de goberno.
- Acadar da ANPA do noso centro unha colaboración efectiva no proceso de dinamización que se reflecta non só nunha actitude positiva senón tamén na súa propia galeguización.
- Dinamización da lingua no claustro de profesores: os seus acordos, actas, programacións... realizaranse en galego.
- Conmemorarase as celebracións propias da nosa cultura (as que se consideren pertinentes por acordo do claustro):
 - Festexar de distintas maneiras as festas tradicionais, cun obxectivo lúdico e educativo.
 - Transmitir o característico de cada festividade.
 - Fomentar o aprecio á tradición e a necesidade de conservala en toda a comunidade educativa facéndoos partícipes tanto da celebración como da súa preparación.
 - Recoller información nas familias sobre as tradicións relacionados con cada celebración e facela pública ao resto da comunidade educativa.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

- Utilizar as novas tecnoloxías para buscar información sobre esas celebracións noutros lugares e para realizar actividades sobre as mesmas.
- Celebracións de diferentes conmemoracións segundo se acorde (exemplos: Día da Paz, Día do Libro Infantil e Xuvenil, Día dos Dereitos Humanos, Constitución, Carreira Solidaria...) actos que terán presente a nosa lingua como vehículo de expresión e ademais intentarase que cada celebración vaia acompañada dun estudio sobre a súa orixe, tradicións relacionadas e recollida de ditos e relatos de tradición oral.
- Celebración da Semana das Letras Galegas.
- Elaboración do xornal escolar "Airiños" (Nº 40).
- No caso de ser necesario elaborárase material didáctico para posibilitar unha rápida integración lingüística ao alumnado procedentes do estranxeiro e doutras comunidades de fala non galega.
- Xunto cos titores e mestres encargados da área de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, elaborárase material específico sobre a localidade a que pertence o noso centro.
- Colaboración co equipo de Tics: elaboración de guías de recursos (CD's, páxinas web...) en galego para repartir á comunidade educativa
- Colaboración co Plan de Mellora da Biblioteca:

- *Programa de lectura silenciosa*: En cursos anteriores aprobouse en Claustro a redución das sesións en cinco minutos para poder crear unha sesión de lectura silenciosa e individual diaria de 20 minutos. Os obxectivos de dito programa son fundamentalmente dous:

- Espertar o gusto pola lectura
- Proporcionar modelos lectores ao noso alumnado

Nun principio, a lectura será individual e non se lle pedirá nada a cambio, nin se lle asignará ningunha tarefa escolar (resumo, ficha...) sobre o lido.

A Biblioteca do centro dotará ás bibliotecas de aula con libros axeitados a cada idade, pero o alumnado poderá traer libros da súa casa, doutra biblioteca, dun amigo... se o desexa. Nos niveis máis baixos, como E. Infantil e 1º curso de Primaria, onde se está a iniciar a competencia lectora, o profesorado

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

adoptará medidas para cumprir este programa tales como: lecturas en voz alta por parte dos mestres, lecturas compartidas, libros de imaxes...

- *Contacontos e encontros* con autores e ilustradores, en función das posibilidades.

- "*Mochila viaxeira*". Semanalmente viaxan mochilas a casa (mínimo unha por nivel), con distinto material en galego (libros, CD's, guías para pais, DVD's,...) destinado aos nenos, aos seus irmáns, familias, etc...

- *Elaboración de guías de lecturas en galego* recomendadas para repartir ao alumnado cada trimestre.

Recursos:

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega non funciona illado senón que conta coa colaboración dos Equipos de Biblioteca, Tics e o de Actividades Extraescolares. Así mesmo conta coa colaboración da ANPA, Concello e do persoal non docente sempre que é necesario.

➤ Materiais:

- Específico para cada festa
- Murais
- Unidades didácticas
- Cancións, etc..

➤ Persoais:

- Profesorado
- Alumnado
- Persoal non docente
- Concello
- Familias

Temporalización:

Depende do tipo de actividade a realizar pero, como norma xeral, no caso das *celebracións*, as actividades terán lugar o día da festa e os días previos para a súa preparación.

A *mochila viaxeira*ponse en funcionamento no momento en que o profesorado o considere e conte co material que lle pareza axeitado, iniciándose no primeiro trimestre para que sexa posible que todo o alumnado poida gozar desta actividade.

Noutros casos como a *elaboración do xornal* e o *Programa de Lectura Silenciosa Sostida*, terá lugar durante todo o curso.

Avaliación:

- Procedemento: valoración da actividade segundo ítems como a participación de toda a comunidade educativa, a motivación do neno ou nena, o resultado...
- Responsables: Claustro.

Para ampliar máis información sobre algúns destes aspectos pódese consultar o Proxecto de fomento do uso do galego que se reelaborará a partir dos presentados en cursos anteriores e que, de momento, está pendente de ser revisado, posto que aínda non saíu a convocatoria do presente curso.

5.- Distribución lingüística curricular.

Como xa se comentou anteriormente, as ensinanzas en E. Infantil son en galego.

Na E. Primaria, impártense en galego:

- Lingua
- Ciencias da Natureza
- Ciencias Sociais
- Educación Física
- Música
- Relixión/ Valores Sociais e Cívicos

6.- Medidas de apoio e reforzo para garantir os obxectivos de fomento do plurilingüismo.

Respectando a normativa vixente relativa á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

establecidas na LOMCE para os cursos pares da E.. Primaria e na LOMLOE para E. Infantil e os cursos impares de E. Primaria, e de acordo a organización dos recursos existentes establecida polo D. De Orientación do centro, as medidas de apoio e reforzo realizaranse dentro da aula e polo profesor- titor do alumnado e como medida extraordinaria, pola profesora de PT ou de apoio.

A exención da Lingua galega, contemplada segundo a lexislación vixente para o alumnado chegado ao centro de fóra da comunidade no terceiro ciclo de E. Primaria que así o solicite, non exime ao alumnado de seguir as clases pertinentes acompañado dun plan de reforzo que lle permita acadar canto antes o coñecemento da lingua galega.

ADQUISICION DE LINGUAXE

As actividades encamiñadas ao reforzo e apoio das ensinanzas das linguas dende E. Infantil, serán de tipo lúdico e a modo de:

- Cancións, poemas, adiviñas ...
- Xogos didácticos
- Contos.
- Material elaborado polo profesorado.
- Programas informáticos
- Proxecto de Lectura Silenciosa recollido no Plan Lector do Centro
- Libro de texto (no caso de que o haxa).

7.- Medidas adoptadas para mellorar a competencia lingüística do alumnado.

O primeiro que haberá que facer será unha avaliación inicial para valorar todos os coñecementos, contorno, etc. do alumnado e detectar as posibles necesidades educativas especiais e realizar unha avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico, no caso de ser necesario.

A partires disto, se é posible, farase un apoio individualizado dentro da aula polo titor/a na área de Lingua Galega.

No caso de ser necesario, se o alumnado non coñece minimamente o galego e o castelán, pódese crear unha aula ou grupo de adquisición das linguas (grupos flexibles para posibilitar a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe do seu curso) ou grupos de adaptación da competencia curricular.

Farase unha avaliación continua para determinar o horario e tempo de permanencia no grupo-clase e no de adquisición de linguas.

O seguimento do alumnado será a través de:

- Avaliación quincenal
- Revisión de medidas metodolóxicas

Recursos:

- Humanos: equipo directivo, equipo docente, departamento de orientación, asistente social ...
- Organizativos: agrupamentos flexibles, aula de usos múltiples.
- Materiais: PE, PAT, PXA...

8.- Responsables da elaboración do PLC.

O equipo de EDLG está formado por:

- Iván Barrós Álvarez (Coordinador do EDLG).
- Aloia Picón Pérez.
- Luzdivina Mouce Debasa.
- Sandra Lema Ozón.
- Sonia Reigía Regueira.

O Coordinador do EDLG

4.- DINAMIZACIÓNS

4.1 BIBLIOTECA

Neste curso, o décimo xa, seguimos sendo centro integrante do Plan de Mellora para Bibliotecas Escolares.

Na actualidade, estase a producir o cambio de programa de xestión dos fondos do Proxecto Meiga ao Koha, polo que haberá momentos que por razóns técnicas terá que pechar cando menos os empréstitos controlados polo alumando ata completar o proceso de recatalogación dos fondos.

Como en cursos anteriores, cada titoría ten, como mínimo, unha hora asignada de uso, segundo consta na xefatura de estudos.

Este ano, todos os membros do equipo de biblioteca teñen en horario como mínimo unha hora de atención a biblioteca.

A/ SITUACIÓN DE PARTIDA

A Biblioteca conta na actualidade con 7.607 rexistros e, de oito portátiles con conexión a internet.

Ten megafonía interior, e un canón proxector e pantalla que permite utilizar a Biblioteca como sala de proxeccións. Tamén ten un *kit dixital* enviado pola consellería que consta dun ordenador portátil, un encerado dixital e un canón proxector, o que converte a biblioteca nun espazo moi versátil.

O Equipo de Biblioteca está formado por :

Mestras: Encargadas do fichado, organización de actividades e apoio ao profesorado

- M^a del Carmen Fernández Quintáns - coordinadora- 2 gardas de biblioteca.
- Salvia Varela Losada -1 garda de biblioteca
- Esther Castro González -1 garda de biblioteca
- Mercedes Rita Rey Gómez 1 garda de biblioteca
- M^a Soledad VizosoVarela – 1 garda de biblioteca
- Marta Montes García - 1 garda de biblioteca
- María Montes García - 1 garda de biblioteca

Alumnado: Neste curso escolar, o alumnado de 5º e 6º de EP, volverá ás súas funcións como axudantes da biblioteca, que serán responsables de controlar o préstamo nos

recreos e da organización e colocación do material. Neste momento estase en proceso de selección e posterior formación dos voluntarios.

Pais/nais: Este curso solicitaremos, de novo, a colaboración das/os nais/pais, cos cales sempre tentamos manter unha estreita relación de colaboración e axuda.

B/ OBXECTIVOS:

- Apoiar e facilitar a consecución dos obxectivos do Proxecto Educativo e dos programas de ensinanza contemplando a atención á diversidade
- Apoiar o Plan Lector do Centro
- Fomentar a relación dos nenos coa biblioteca como lugar máxico que permita saciar a súa curiosidade e promover o seu uso, dentro e fóra da comunidade educativa
- Establecer un primeiro contacto co seu amigo, **o libro**, de forma lúdica, despertando, creando e alimentando o seu gusto pola lectura
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a Biblioteca
- Pór ao alumnado en contacto con ideas, experiencias e opinións diversas, proporcionándolle o acceso á información local, nacional e mundial.
- Ensinar ao alumnado as habilidades para avaliar e utilizar a información en calquera soporte, formato ou medio, integrado nas formas de comunicación da súa comunidade
- Iniciar aos nenos e nenas na metodoloxía bibliotecaria facéndoos partícipes do seu desenvolvemento e boa conservación
- Adquirir hábitos relacionados co axeitado comportamento que se debe manter nunha biblioteca.

Todos estes obxectivos englobanse nun xeral:

A biblioteca contribuirá a fomentar a lectura e facilitará ao alumnado o acceso á información en todos os soportes, formándoo no uso crítico dos mesmos.

C/ TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

Toda a organización e funcionamento vai xirar en torno ás necesidades do centro e á Comunidade Educativa, de aí que todas as accións que se van a levar a cabo teñan

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

como obxectivo primeiro centralizar e optimizar os recursos de maneira que estean sempre dispostos, localizados e actualizados para o seu uso.

Durante os tempos de lecer, haberá unha persoa de garda na biblioteca para colaborar cos axudantes bibliotecarios (alumnado de 5º e 6º de EP) a manter a orde e vixiar o cumprimento das normas de uso da Biblioteca.

Igual que no curso anterior, márcase o horario de uso da biblioteca para cada titoría. Este horario poderá sufrir modificacións en función das necesidades do centro.

De luns a xoves de 15:30 a 17:30 funcionará a biblioteca escolar atendida polo profesorado de garda.

Empréstitos: O servizo de empréstito terá tres variantes básicas, o libre que seguirá sendo nos recreos, o de lecturas complementarias que será controlado polo titor apoiado, de ser necesario, polos membros do equipo de biblioteca nas súas horas de garda e os empréstitos ás bibliotecas de aula.

O Equipo de Biblioteca tentará instruír a todo o profesorado no funcionamento do empréstito no sistema informático de xestión dos fondos.

D/ ACTUACIÓNS POR TRIMESTRES:

D.1.- Xestión técnica e organización:

Se ben as tarefas de adquisición, fichado, rexistro, etiquetado e colocación dos materiais son tarefas continuas e permanentes, estableceremos un calendario para primar os temas máis urxentes:

1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none">○ Establecemento dos horarios de atención á Biblioteca○ Reparto dos carnés da Biblioteca○ Captación dos colaboradores entre o alumnado e as nais/pais○ Formación aos colaboradores bibliotecarios○ Centralización, fichado e rexistro dos materiais de consulta dispersos polas aulas,○ Sinalización da biblioteca en función, se fose necesario, dos materiais que vaian chegando○ Adquisición de novos materiais en función do solicitado polos equipos docentes○ Solicitude de mobiliario e equipos á Consellería
--------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

	<ul style="list-style-type: none">○ Xunto cos titores e mestres implicados, seleccionar da colección os materiais para as Bibliotecas de aula○ Elaboración do Plan da biblioteca para o Plan Xeral○ Colaboración no blog e páxina web do centro○ Instalación dos enlaces necesarios nos ordenadores do centro para que poidan acceder ao OPAC (catálogo en liña dos materiais da biblioteca) e aos recursos da Biblioteca desde todos os ordenadores○ Revisión do Regulamento de uso da Biblioteca.
2º Trimestre	<ul style="list-style-type: none">○ Centralización, fichado e rexistro dos materiais de consulta dispersos polas aulas.○ Adquisición de novos materiais en función do solicitado polos equipos docentes○ Fichado, rexistro e colocación dos novos materiais
3ª Trimestre	<ul style="list-style-type: none">○ Adquisición de novos materiais en función do solicitado polos equipos docentes○ Fichado, rexistro e colocación dos novos materiais○ Elaboración da memoria da Biblioteca para o PLAMBE ea Memoria Xeral do centro○ Recollida dos materias en préstamo nas bibliotecas de aula, mochila viaxeiras, bolsas de lectura....

D.2.- Dinamización:

a.- Formación de usuarios

- Formación ao novo profesorado para que coñezan, non só o Regulamento da biblioteca senón tamén o funcionamento do servizo de préstamo e a plataforma de recursos web incluídos no portal Proxecto Meiga . Neste punto, a comisión de Tics unha vez formado, formará ao resto do claustro.
- Iniciar a formación no Koha, o novo sistema de xestión integrado para bibliotecas, para a migración dende o actual Proxecto Meiga. Para iso, todo o

claustro e alumnado voluntario terá que recibir unhas nocións básicas para poder, polo menos, realizar empréstitos e devolucións.

- Visitas guiadas e actividades de busca dirixidas para todo o alumnado para que se familiaricen coa distribución dos fondos e os sistemas de clasificación. Se ben esta é unha actividade fundamental neste momento a falta de horas, dificulta a súa realización.
- O equipo elaborará guías da Biblioteca e exporá as novidades.
- Unha vez centralizados a totalidade dos fondos elaborará guías de recursos por materias para facilitar o seu uso nas aulas.

b- Fomento da lectura e educación documental

Realizaremos un proxecto global partindo do esquema fundamental do traballo por proxectos:

- Que sabemos do tema?
- Que provoca en nós?
- Onde buscar a información?
- Como organizar a información?
- Transmisión desa información ao resto da comunidade educativa.

TITULO DO PROXECTO: “*En forma con Firuca*”

Iniciarase coa decoración de espazos e exposición dos fondos de ficción e documentais existentes na biblioteca así como recursos dixitais relacionados co apartado do proxecto a traballar.

Ao igual que en cursos pasados, realizaranse lecturas colectivas, os venres durante a hora de ler na Biblioteca.

As fases do proxecto seguirán o seguinte esquema:

Desde a Biblioteca:

1.- Apertura do curso bibliotecario o 24 de outubro, Día Mundial das Bibliotecas, cos seguintes actos:

- Lectura dunha carta da trasa Firuca, interlocutora máxica da biblioteca, explicando o tema e o obxectivo do proxecto.
- Lectura dun texto relacionado co tema a traballar por parte do alumnado.
- Presentación do alumnado colaborador de biblioteca

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

- Reparto dos carnés aos novos alumnos/as e mestres/mestras do colexio.

- 2.- Exposición dos materiais existentes tanto de consulta como literarios relacionados co tema
- 3.- Decoración de espazos comúns con motivos alusivos ao tema
- 4.- Lecturas en voz alta na biblioteca, un día a semana. Estas lecturas poderán facelas os mestres, os alumnos e os pais/nais. Poderán ser de libros impresos ou traballos de produción propia relacionados co tema
- 6.- Apoio constante ao profesorado para localizar recursos sobre o tema.
- 7.- Publicación, ao fin do proxecto, dun boletín no que se recollan as experiencias e se inclúa unha guía de lecturas recomendadas sobre o tema.
- 8.- Proxeccións de documentais e películas relacionadas co tema
- 9.- Organizar charlas e relatorios con expertos sobre o tema.

Propostas aos cursos:

- Busca de información nas familias, nas aulas, na biblioteca, na rede ... e clasificación e selección dos materiais aportados e exposición dos mesmos nun recanto da aula de procedencia para poder ser vistos pola totalidade do alumnado desa aula, sobre:
 - A saúde, o corpo humano, deportes e outras opcións que iremos barallando ao longo do curso.
- Entre todo o colexio, elaborárase un mural polas cortizas das escaleiras dos dous edificios que cada curso irá completando o correspondente á temática que elixan
- Ademais, o alumnado decorará con materiais alusivos á mesma, a súa zona da aula.

- Obradoiros de escritura:
 - Composicións de textos alusivos ao tema, tanto informativos como de ficción
 - Elaboración de paneis informativos tanto nas aulas como nos espazos comúns
 - En colaboración co EDLG, elaboración vídeo-contos e de contos viaxeiros relacionados coa temática do proxecto.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

- Lectura de textos relacionados co tema, especialmente aqueles de produción propia sobre a temática.
- Realización de creacións plásticas sobre o tema e exposicións das manifestacións artísticas de cada etapa.
- Con toda a información, tentarase que cada clase elabore un capítulo dun libro que pasará a formar parte dos fondos da biblioteca para o seu uso por toda a comunidade educativa.

E/ OUTRAS ACTIVIDADES

Ademais das xa citadas, o Equipo de Biblioteca será responsable da organización de todos aqueles días a celebrar relacionados coa Biblioteca como:

- Día Mundial da Biblioteca
- Día do libro infantil e xuvenil
- Día da poesía
-

Tamén aproveitará outras celebracións *populistas/comerciais* como escusa para realizar actividades vinculadas coa lectura e a produción de textos como o "Concurso de poesías, piropos ou cartas de amor" no Día de San Valentín,

Colaborará ademais cos demais equipos na organización de todos aqueles días de obrigada conmemoración que se organicen no centro.

Ademais, na celebración das festas tradicionais como o magosto, o Nadal ou o Entroido, tentarase organizar actividades relacionadas coa temática do proxecto.

F/ CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ademais dos datos estatísticos que o propio programa de xestión xera en relación a aspectos tales como o número de empréstitos, a adquisición de materiais, número de rexistros...., o uso óptimo da Biblioteca deberá verse reflectido no desenvolvemento curricular do alumnado, de aí que marcaremos como liñas de observación os seguintes:

- Recoñecer en nenos e nenas o hábito e o pracer da lectura, da aprendizaxe e da utilización correcta da Biblioteca
- Valorar as experiencias de creación e busca de información para adquirir coñecementos, comprender e desenvolver a imaxinación para entreterse

- Comprobar no alumnado a adquisición e aplicación de capacidades que permitan avaliar e empregar a información
- Apreciar o grao de participación do alumnado, profesorado, administración e das familias para levar a cabo o Proxecto
- Realizar observacións que permitan comprobar o gusto pola lectura e a utilización dos recursos e servizos da Biblioteca, facendo fincapé na liberdade intelectual e no acceso á información como dereitos fundamentais
- Colaborar activamente nas actividades que estimulen a concienciación e a sensibilización no plano cultural e social.
- Enquisas

Todo este proxecto será coordinado polo equipo de Biblioteca en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Tics, a fin de sumar esforzos e crear un entramado colaborativo no centro

G/ BIBLIOTECA ESCOLAR- TIC

A biblioteca non se pode separar das novas tecnoloxías, e é por iso, que na medida que o tempo e as condicións do curso o permitan, o equipo de biblioteca e o equipo de Tics traballarán de maneira conxunta. Non hai que esquecer que a Biblioteca non só facilita información, tamén ten que formar para que o alumnado sexa capaz de localizar e seleccionar autonomamente dita información utilizando, non só as fontes documentais impresas, senón tamén as fontes documentais virtuais procedentes de Internet (alfabetización informacional)

En todos os ordenadores do colexio, aparecerá no escritorio o símbolo da Biblioteca que nos permitirá acceder de forma virtual á nosa biblioteca, e non só ao catálogo, senón tamén a buscadores web relacionados e adaptados ao alumnado, páxinas de autores, enlaces relacionados...

Tamén poderán acceder aos catálogos doutras Bibliotecas conectadas á plataforma Meiga da Consellería de Cultura.

Un dos obxectivos a realizar polos dous equipos é dinamizar a páxina web do centro, e a sección da biblioteca.

H/ BIBLIOTECA E PLAN LECTOR

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

Ademais do proxecto de Biblioteca, o equipo colaborará nas actividades organizadas como apoio para a aplicación do plan lector:

Bibliotecas de aula: Os recursos están centralizados na biblioteca e por iso as dotacións da bibliotecas de aula procederán da biblioteca central. O Equipo de biblioteca tentará recoller e atender as peticións de materiais realizadas polo profesorado para as súas aulas.

Hora de ler: A biblioteca dotará as bibliotecas de aula con materiais informativos e de ficción para traballar con eles na aula e como recursos de lectura para esa hora.

Mochilas viaxeiras: Como no curso pasado, o equipo de Biblioteca poñerá en marcha unha mochila viaxeira por curso. O alumnado poderá levar a mochila a casa en préstamo por unha semana. No interior van materiais en varios soportes para ler e ver en familia. Tamén leva un caderno no que as familias poden deixar reflectida a súa opinión sobre os contidos e os obxectivos das mesmas.

Lecturas en voz alta: Dentro do Proxecto global da biblioteca, contémplanse lecturas en voz alta de materiais relacionados un día a semana.

Apadriñamento de lectores: Coa colaboración de todo o claustro tentaremos que os apadriñamentos lectores iniciados no curso anterior, se convertan en práctica habitual no centro posto que o feito de ter espectadores motiva ao alumnado a converterse en lector... Para evitar problemas de horario realizaranse dentro da "hora de ler":

- Lectores de EP nas aulas de E. Infantil
- Lectores de E. Infantil a lectores de E. Infantil
- Lectores de EP a lectores de EP
- Tutoría de EP a tutoría de EI. Cada alumno/a de EP acompañará a un alumno/a de EI á biblioteca onde realizarán a lectura por parellas.

G/ PLAN DE LECTURA CURSO 2022/23

Alén de continuar cos sinalados no Plan Lector, levarase a cabo o seguinte Plan de Lectura:

EDUCACIÓN INFANTIL.

O equipo de educación infantil, acordou para o presente curso 2022/2023, levar a cabo as seguintes actividades de animación e fomento da lectura:

- Realizar escoitas activas, con lecturas grupais de contos, ensinando ou non as ilustracións.
- Debater comprensivamente sobre a lectura escoitada.
- Escoitar lecturas de contos con ditos e refráns, de xeito que os/as nenos/as sexan quen de rematar todas as frases.
- Inventar contos entre todos os nenos e nenas do grupo.
- Expor hipóteses para modificar os contos: outras personaxes, outros finais, etc...
- Realizar dramatizacións posteriores á lectura do conto.
- Recoñecer palabras clave dalgúns títulos para saber de que libros se está a falar. (5 anos)
- Recitar e dramatizar poesías.
- Manipular e observar a biblioteca e a biblioteca de aula.
- Valorar a importancia dos contos e libros e materiais en diferentes soportes.
- Respectar e coidar os libros.
- Manipular axeitadamente os contos e libros, colocándoos no mesmo lugar.
- Coñecer as normas de comportamento nunha biblioteca e poñelas en práctica.
- Diferenciar diversos tipos de libros: contos, dicionarios, atlas, etc.
- Fomentar o uso do carné da biblioteca para o préstamo de libros.
- Participar no proxecto da “mochila viaxeira”.
- Elaboración de contos multimedia e libro viaxeiro
- Asistir aos posíbeis contacontos que se realicen no colexio ou sexan ofertados polo concello ou outras entidades.
- Empregar a biblioteca como recurso a hora de investigar sobre as temáticas dos proxectos documentais que se van levar a cabo relacionados coa temática do proxecto global.
- Intercambiar experiencias como lectores de contos aos compañeiros/as..
- Actividade “ O meu conto favorito”: Cada semana, un neno/a converterase en protagonista e xunto aos seus pais lerá o seu conto favorito aos compañeiros.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Coa volta ao ensino por ciclos, obriga a indicar as actividades de animación e fomento da lectura con propostas moi similares.

A creación dun clima lector na aula é básico para estimular a lectura: ler xuntos a diario e ver ler aos outros, comentar as lecturas realizadas, incluír suxestións de lectura nos fondos da biblioteca de aula, prever unha sesión semanal na biblioteca escolar, promover o uso do carné da biblioteca... son estratexias que contribúen ao desenvolvemento do hábito lector.

As lecturas en voz alta poderán volver a realizarse na biblioteca. Dentro do Proxecto global da biblioteca, contémpanse lecturas en voz alta de materiais relacionados cos temas a tratar, un día á semana.

1º Curso de Educación Primaria:

As actuacións de fomento e animación á lectura a levar a cabo neste nivel son:

- Dedicación dun tempo diario á lectura en todas as materias ademais da lectura silenciosa na “Hora de ler”.
- Audicións de contos en soportes dixitais.
- Lectura individual en voz alta.
- Lectura de contos ao alumnado de Educación Infantil.
- Participación nas actividades propostas polo equipo de biblioteca e o de DLG.
- Lectura e análise de noticias de prensa (libro da prensa).
- Dramatización e lectura de poemas curtos.
- Ilustración de poemas.
- Lectura obrigatoria de libros elixidos polo equipo.
- Lectura individual/colectiva dos libros recomendados de lectura obrigatoria. Títulos pendentes de escolla.

2º Curso de Educación Primaria:

Levaranse a cabo as seguintes actividades de animación e fomento da lectura:

- Dedicación dun tempo diario á lectura en todas as materias ademais da lectura silenciosa na “Hora de ler”.
- Audicións de contos en soportes dixitais.
- Conversas cos nenos/as sobre a importancia da lectura e elaboración de lemas para animar aos outros a ler.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

-
- Debuxos das cubertas do seus libros favoritos e exposición ante os/as compañeiros/as .
 - Lectura individual en voz alta.
 - Lectura individual/colectiva dos libros recomendados de lectura obrigatoria. Títulos pendentes de escolla.
 - Memorización e dramatización de poemas e textos breves
 - Redacción de pequenos contos inventados por eles/elas de xeito individual e/o colectivo.
 - Introducción á linguaxe do cómic e posta en práctica en creacións propias.
 - Dramatización e memorización de poemas.
 - Participación nas actividades propostas polo equipo de biblioteca o EDLG.
 - Elaboración de contos multimedia e libro viaxeiro.
 - Utilización da biblioteca unha sesión a semana.
 - Participación nas actividades propostas polo equipo de biblioteca e o EDLG.

3º Curso de Educación Primaria:

As actividades propostas ademais das xerais son:

- Dedicación dun tempo diario á lectura en todas as materias ademais da lectura silenciosa na "Hora de ler".
- Utilización da biblioteca unha hora semanal.
- Fomentar o uso do carné da biblioteca para o préstamo de libros.
- Inventar contos entre todos os nenos e nenas do grupo.
- Identificar a estrutura básica dun conto: introdución, nó e desenlace.
- Elaboración de contos multimedia e/ou libro viaxeiro.
- Formular hipóteses sobre o argumento a través da lectura de títulos e observación das ilustracións.
- Inventar finais diferentes para un conto proposto.
- escoitar contos en formato dixital.
- Realizar pequenas dramatizacións sobre algúns fragmentos dos contos.
- Explicar aos compañeiros e compañeiras o argumento do seu libro favorito
- Ler e escoitar contos proporcionados polo titor/a de cando era pequeno/a

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

-
- Elección dun libro de lectura obrigatorio para todo o grupo . Elección dun libro de lectura obrigatorio para todo o grupo. Intercambiarán o libro escollido co grupo de 4º.
 - Asistir aos contacontos que se realicen no colexio ou sexan ofertados polo Concello e/ou outras institucións.
 - Participación nas actividades propostas polo equipo de biblioteca e o EDLG.
 - Padriños lectores: Ler contos aos compañeiros do mesmo ou distinto nivel durante a "Hora de Ler".

4º Curso de Educación Primaria:

Actividades:

- Dedicación dun tempo diario á lectura en todas as materias ademais da lectura silenciosa na "Hora de ler".
- Crear un recuncho de lectura na aula xunto á biblioteca de aula formada tanto por materiais da biblioteca do colexio como dos seus propios libros
- Lectura diaria de noticias, poemas, textos breves...
- Lectura comentada e compartida de xornais e/ou publicacións periódicas.
- Lectura de fragmentos divertidos o curiosos dos libros.
- Presentación periódica de seleccións de obras dos fondos da biblioteca do centro.
- Elaboración dun plan de lectura individualizado para cada alumno con liberdade de elixir cando menos algunhas das obras.
- Elaboración de contos multimedia e/ou libro viaxeiro.
- Resúmen e comentario de lecturas realizadas por parte dos alumnos ao resto da clase.
- Elaboración de portadas e ilustracións para as obras lidas.
- Votación para elixir os mellores libros e/ou autores entre os lidos.
- Elección dun libro de lectura obrigatorio para todo o grupo . Intercambiarán o libro escollido co grupo de 3º. No primeiro trimestre os títulos aínda están pendentes de escolla.
- Participación nas actividades propostas polo equipo de biblioteca e o de DLG.

- Padriños lectores: Ler contos aos compañeiros do mesmo ou distinto nivel durante a “Hora de Ler”.

5º Curso de Educación Primaria:

- Dedicación dun tempo diario á lectura en todas as materias ademais da lectura silenciosa na “Hora de ler”.
- Lectura obrigatoria de libros suxeridos polo profesor e elixidos polo alumno.
- Lecturas encadeadas de contos coidando a entoación e as regras de puntuación.
- Escribir contos inventados polos alumnos individual e /ou colectivamente.
- Dramatizar escenas dos textos, creando diálogos.
- Crear e describir personaxes .
- Simular entrevistas aos personaxes dos textos.
- Lectura por parellas do mesmo libro . Avaliar conxuntamente, explicando o que lle gustou a cada quen.
- Elección dun libro de lectura obrigatorio para todo o grupo. Intercambiarán o libro escollido co grupo de 6º. Títulos pendentos de escolla.
- Elaboración de contos multimedia e/ou libro viaxeiro.
- Recitado de poesías.
- Lectura e interpretación de textos de diferente tipoloxía: gráficas, mapas (xogos de localización por parellas), anuncios...
- Obradoiros de redacción de contos a partir de temas dados.
- Participación nas actividades propostas polo equipo de biblioteca e o EDLG.
- Padriños lectores: Ler contos aos compañeiros do mesmo ou de distinto nivel durante a “Hora de Ler”.

6º Curso de Educación Primaria:

- Perfeccionar a pronunciación, entoación, velocidade e o ritmo na lectura.
- Mellorar a comprensión lectora e ampliar o vocabulario.
- Recoñecer a estrutura dun determinado texto (presentación, nó e desenlace).
- Distinguir diferentes tipos de textos (narrativo, descritivo, expositivo...)
- Recoñecer o sentido global dun texto e identificar as ideas principais e secundarias do mesmo, mediante a realización de subliñado, esquemas...
- Fomentar o uso do dicionario.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

- Potenciar o uso das bibliotecas de centro e de aula.
- Desenvolver a escritura e inicio desta con pequenas composicións.
- Desenvolver a creatividade, fantasía e imaxinación.
- Coñecer os autores para tomar contacto cos creadores das historias.
- Desenvolver estratexias de procura e selección da información.
- Elaboración de contos multimedia e libro viaxeiro
- Participación nas actividades propostas polo equipo de biblioteca e o EDLG.
- Padriños lectores: Ler contos aos compañeiros durante a "Hora de Ler".
- Representar cando menos unha obra de teatro infantil.
- Elección dun libro de lectura obrigatorio para todo o grupo. Intercambiarán o libro escollido co grupo de 5º, despois da respectiva corentena que terán que pasar os libros. Títulos pendentes de escolla.

INGLÉS:

E. Infantil:

- Lecturas grupais de contos tradicionais infantís alternando formato dixital (videocontos) e formato papel. Preténdese habituar ao alumnado ao uso e correcta manipulación dos libros. O principal obxectivo didáctico nesta etapa será o recoñecemento e comprensión

E. Primaria

- Lectura colectiva e /ou individual de textos en inglés adaptados ao nivel do alumnado. Empezarase con textos, formato cómic, con ilustracións que faciliten a comprensión ata chegar a fragmentos de textos literarios e textos da vida de cotío (menú dun restaurante, instrucións dun pequeno electrodoméstico, anuncios...)
- Lectura nos libros de texto, silenciosa ou en voz alta.
- Lecturas colectivas en voz alta.

Coordinadora do Equipo de Biblioteca

Mª del Carmen Fernández Quintáns

4.2 DINAMIZACIÓN DE TICS

Equipo:

- Carmen Garea Bermúdez
- M^a Isabel de la Cruz Cenamor
- José Manuel Canosa Carballo
- Gustavo López Morán (coordinador)

A. XUSTIFICACIÓN.

A través das novas tecnoloxías da información e a comunicación, que teñen cada día máis protagonismo na nosa sociedade e son un recurso indispensable e insubstituíble para o proceso de ensino e aprendizaxe, buscaremos conseguir que o alumnado acade unha competencia dixital ao rematar o ensino obrigatorio.

Para iso, na etapa de Educación Primaria centrarémonos en preparar ao alumnado para buscar, obter, procesar e comunicar información de xeito autónomo.

Para que todo isto se poña en práctica é necesario:

- A posta en execución do plan tanto no centro como nas aulas.
- A participación activa de todo o profesorado.
- Unha avaliación e actualización continua.

B. RECURSOS MATERIAIS.

Os recursos materiais cos que contamos este curso son:

- Aula de informática: 25 ordenadores. Todos eles están conectados a internet. Tamén contamos cun equipo de audio conectado á megafonía do centro e un encerado dixital co correspondente proxector. Nesta aula desenvólvense actividades de gran grupo e de formación do profesorado relacionadas coas novas tecnoloxías.
- Sala de mestres: dispón dun ordenador con conexión a internet .
- Secretaría: conta con tres ordenadores conectados en rede, con conexión a internet e dúas impresoras, 1 de inxección de tinta e unha láser.
- Biblioteca: hai 10 ordenadores portátiles con conexión a Internet, dous de sobremesa, unha impresora e dous proxectores. A estancia conta tamén cun equipo propio de son conectada a un dos portátiles.
- Conserxería: conta cun ordenador de sobremesa e con dúas fotocopiadoras conectadas á rede polo que é posible imprimir dende todos os equipos do centro a través da rede WiFi. Unha delas é a cor.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

-
- Aula de P.T: conta cun ordenador con altofalantes e con conexión wifi a internet.
 - Aula de A.L.: conta cun ordenador de aula con altofalantes e conexión por cable.
 - Aula de usos múltiples: Esta aula, grazas a un convenio coa Unión Deportiva Paiosaco, conta cun canón interactivo (conectado a un ordenador do centro) financiada por dita entidade a cambio de poder usar dita aula para cursos e relatorios para os seus equipos e adestradores.
 - Aulas: Todas teñen un equipo de ordenador para uso do profesorado con conexión a internet.
 - Proxector e pantalla: todas as aulas dispoñen deste recurso (así como as xa mencionadas aula de informática e a biblioteca.).
 - Tabletas: Hai 14 tabletas doadas por una entidade bancaria a disposición do profesorado que pode usalas nas aulas. A maiores hai dúas tabletas máis mercadas polo centro para uso do alumnado NEAE
 - Tamén contamos con: radio-CDs, cámaras fotográficas dixitais, escáner de alta resolución, teléfono móbil e cámara de vídeo.
 - O centro conta cun NAS, todos os mestres teñen acceso ao mesmo dende calquer ordenador con conexión a internet, mesmo fora do centro, nel cada mestre ten unha carpeta persoal para acceder á súa información e unha carpeta compartida por todo o claustro. O equipo directivo conta co seu espazo persoal compartido asimesmo, co obxectivo de ter sempre acceso á información necesaria en calquera circunstancia de aplicación de método educativo, ben sexa presencial ou telemático.
 - 4 ordenadores portátiles proporcionados pola Xunta a disposición do centro para cubrir necesidades da comunidade educativa con especiais dificultades para o acceso as Tics.
 - Coa aplicación do plan EVA Edixgal no centro, o alumnado de terceiro ciclo de Primaria conta cun ordenador portátil para o seu uso persoal. Este servizo tamén provee de ordenadores portátiles para todo o profesorado que imparte materias neste ciclo e así o desexe.

C. OBXECTIVOS.

Os obxectivos a acadar están estruturados en catro ámbitos diferentes: Obxectivos a nivel de centro, do alumnado, do profesorado e da comunidade educativa.

Obxectivos para o centro:

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

-
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensinanza – aprendizaxe.
 - Conseguir que o alumnado acceda ao mundo de Internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma do xeito mais autónomo e eficaz.
 - Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa nas diferentes actividades do centro: páxina Web, blog, xornal escolar, actividades culturais, Abalar, Edixgal (3º Ciclo de EP) e aula virtual (de 3º a 6º EP), etc.
 - Intensificar a utilización das TIC co fin de unificar todos os documentos do centro e todas as informacións co mesmo formato, potenciando o correo electrónico (o centro conta con dominio propio para proporcionar contas de correo personais para cada alumno) como medio de comunicación de incidencias ou simplemente como medio de comunicación vivo e activo ou ben calquera outro que sexa necesario para garantir o funcionamento do proceso educativo coma o NAS, Abalar, foros na aula virtual....

Obxectivos para o alumnado:

- Facilitar ao alumnado un instrumento atractivo para adquirir e afianzar coñecementos.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Empregar programas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do currículo para favorecer a adquisición de habilidades e destrezas e a posibilidade de facelo telemáticamente a distancia. (Aula virtual, Edixgal...)
- Buscar e utilizar a información necesaria para poder resolver os traballos programados.
- Aplicar os conceptos básicos adquiridos noutras áreas para interpretar e comprender as aplicacións técnicas máis comúns.
- Aplicar estratexias de análise e resolución de problemas propios da informática.
- Adquirir os coñecementos suficientes de si mesmos, das súas posibilidades e das súas limitacións.
- Planificar e realizar traballos en equipo con actitude colaboradora.
- Aumentar o uso das ferramentas TIC no traballo diario do alumnado como medio de consolidación dos coñecementos adquiridos e para a realización de traballos educativos.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

Obxectivos para o profesorado:

- Empregar as TIC para o uso cotián do colexio, edición de documentos e ferramenta de traballo persoal do profesorado.
- Favorecer o coñecemento, por parte do profesorado, de determinados programas que sirvan de apoio ao desenvolvemento dos diferentes aspectos curriculares.
- Crear contidos educativos a través de diferentes programas (Edilim, Jcllic...)
- Introducir as TIC no ensino de forma xeneralizada e innovadora, analizando os cambios que supoñen para o profesor, como mediador nos procesos de ensino-aprendizaxe
- Mellorar a proposta pedagóxica a través das TIC.
- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos e actividades entre todo o profesorado.
- Adquirir coñecementos teóricos e prácticos, así como xerar unha dinámica de autoformación de confianza e dun sentido crítico ante as novas tecnoloxías.
- Empregar as TICS no desenvolvemento diario das tarefas programadas cando sexa posible.
- Participar en todos os cursos de formación que sexan relevantes para afrontar o proceso de ensino dentro de todas as posibles situacións posibles.
- Fomentar o desenvolvemento e emprego da aula virtual e das canles de comunicación telemáticas dispoñibles (Abalar, correo electrónico da Xunta e do centro...)

Obxectivos para a comunidade educativa:

- Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de comunicación, sendo un elemento común de información e contacto con todos os axentes do proceso facilitando a conexión entre eles.
- A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa: Xornal escolar, páxina Web, Blogs,...

D. CONTIDOS

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

Os contidos a traballar son os mesmos cos que cada profesor traballa diariamente na súa programación de aula, pero incorporando o uso das novas tecnoloxías e a posibilidade de elaborar un material propio. Por iso é moi importante que o profesorado se familiarice con:

- Medios informáticos, tanto en hardware como en software, e o seu uso.
- Medios audiovisuais.
- Recursos multimedia.
- Internet: coñecemento de páxinas Web de uso didáctico, Blogs, etc., así como o uso de dicionarios interactivos, xogos educativos, acceso a periódicos dixitais e o emprego da aula virtual
- Coñecemento dos diversos programas informáticos que poden ser usados no sistema educativo: Jelic (con moitas unidades didácticas), Squeak (para a creación de unidades didácticas), Atenex (para crear aplicacións), Atnag (actividades de Educación Infantil), Tuxpaint (para pintar)... Estes son, por suposto, só algúns exemplos do que se pode atopar.
- Elaboración dalgún material TIC propio.
- Utilización de materiais xa elaborados que se poden atopar en gran número na rede.
- Utilización da aula virtual, blogues do centro e páxina web.

E. METODOLOXÍA

Terase en conta a metodoloxía xeral referida á aprendizaxe significativa, para respectar en todos os casos a liña base de cada membro da comunidade educativa e permitir que o coñecemento e emprego das TIC sexa unha aprendizaxe ben incorporada na vida cotiá de todos. Ademais, fomentárase o espírito colaborativo e participativo de toda a comunidade educativa mediante o emprego de todas as tics existentes no centro e dos espazos virtuais dispoñibles

F. ACTIVIDADES PROPOSTAS

- Creación de actividades J-Clic, Edilim, Moodle...
- Emprego da aula virtual

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

-
- Familiarizar ao alumnado co acceso e uso da aula virtual a través das aulas de informática.
 - Emprego de canles comunicativas virtuais (Abalar, foros, e-mail...)
 - Continuar recompilando páxinas web de recursos para o profesorado e o alumnado.
 - Diseñar actividades para o encerado dixital e poñelas en práctica co alumnado.
 - Revisión dos recursos de TIC do centro.
 - Proporcionar informacións relevantes relacionadas coas tarefas da comisión aos membros da comunidade educativa implicados.
 - Novas propostas que poidan xurdir ó longo do curso por parte do equipo de TICS ou do resto do profesorado do centro.
 - Creación de textos cun procesador de textos (Open Office Writer)
 - Uso de programas educativos.
 - Uso do encerado dixital.
 - Elaboración de contidos para os blogues.
 - Mantemento da páxina web do colexio.
 - Consultar enciclopedias en internet.
 - Uso de correctores ortográficos para os textos que elabore o alumnado.
 - Busca de información en Internet.
 - Actividades de animación á lectura e escritura.

G. AVALIACIÓN CONTINUA

Terá as seguintes fases:

- a. Avaliación inicial: antes da creación deste documento, analizando as necesidades do mesmo para propor os obxectivos do equipo e valorar de que situación partimos.
- b. Avaliación procesual: durante o curso, para ter a posibilidade de modificar, engadir, ampliar... as diferentes actividades propostas.
- c. Avaliación final: no mes de xuño analizaremos o grao de consecución dos obxectivos, o desenvolvemento das tarefas e a implicación dos compoñentes da comisión e da comunidade educativa en xeral. Con todos os datos obtidos farase unha memoria final e redactaremos as propostas de mellora.

Coordinador de Tics

Gustavo López Morán

4.3 DINAMIZACIÓN PLAN DIXITAL

Equipo:

Aloia Picón Pérez (coordinadora)

M^a Agripina Alfeirán Rodríguez (directora)

M^a del Carmen Fernández Quintáns

Carmen Garea Bermúdez.

Sandra Lema Ozón

Os obxectivos do equipo serán:

- Cumprir os obxectivos marcados para este curso no Plan Dixital aprobado en xuño de 2022.
- Iniciar a formación encaminada a posta en funcionamento da radio escolar.
- Establecer, de ser preciso, un plan de actuación segundo as necesidades detectadas
- Fomentar e facilitar a participación, comunicación e a cooperación das familias no Plan Dixital

Para acadar ditos obxectivos, mantense un segundo itinerario dentro do PFPP de Formación en tics iniciado no curso 2020/21, cun grupo de traballo formado polos mestras citadas que serán as que acudan a formación sobre funcionamento de radio escolar e que logo transmitirán ao resto do claustro

A maiores, contarase coa participación do equipo Tics e o coordinador Edixgal.

Temporalización:

Primeiro trimestre:

- Formación en radio escolar facilitada polo CFR
- Instalación de software libre nos equipos do centro
- Impulsar o uso da aula de informática

Segundo trimestre:

- Instalación do equipo e posta en marcha
- Impulsar uso da aula de Informática

Terceiro Trimestre:

- Funcionamento da radio escolar
- Memoria da actividade.

A coordinadora de dinamización do Plan Dixital

Aloia Picón Pérez.

**** Todos os ordenadores existentes no centro teñen unha antigüidade mínima de 10 anos e moitos deles son foron doados e reacondicionados polo que, dende o equipo directivo seguiremos a pedir novos equipos á Consellería e, sempre que os orzamentos do centro o permitan, adquiriranse novos equipos .*

**** En caso de suspensión da actividade lectiva aplicarase o Plan de Continxencia do centro aprobado o curso anterior. Os coordinadores Tic, Edixgal e Plan Dixital, identificarán ao alumnado que teña dificultades ou falla de equipamento e o equipo directivo realizará as xestións oportunas perante as autoridades correspondentes para mitigar , na medida do posible, as dificultades da educación realizada por medios telemáticos.*

4.4 CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia foi aprobado no curso 2018/2019. As accións a levar a cabo no presente curso serán as correspondentes aos cambios legislativos que se puideran producir. Durante o presente curso revisarase e de ser necesario, corríxiranse as contradicións que puidera haber coas Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

No presente curso académico forneceremos, especialmente, os seguintes aspectos:

- Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia.
- Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

5.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

I. Equipo.

- Todo o claustro.
- Mercedes Gómez Sampayo (coordinadora).

II. Obxectivos.

- As actividades complementarias e extraescolares teñen como finalidade potenciar e contribuír á formación integral do alumnado e buscar a implicación de toda a comunidade escolar perseguindo obxectivos relacionados coa valoración do entorno, o seu coñecemento e o seu coidado.
- Serán un instrumento para enriquecer a convivencia, aportando valores necesarios que faciliten a incorporación do alumnado á cidadanía.
- A programación de actividades terá en conta que o centro é un elemento dinamizador e compensador de desigualdades, pois non todas as familias teñen poder adquisitivo que lles permita o uso e goce do tempo libre.

III. Actividades complementarias: conmemoracións.

Neste apartado están incluídas as actividades de obrigada conmemoración que figuran no calendario escolar deste curso, a celebración das festas tradicionais vencelladas co contexto sociocultural desta localidade e outras conmemoracións pedagoxicamente xustificadas. Tendo en conta o calendario escolar e distribuídas por trimestres, o centro ten previsto participar a nivel xeral e/ou de aula nas seguintes:

- Primeiro trimestre
 - Samaín e magosto.
 - Día universal da infancia (20 de novembro).
 - Día Internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro).
 - Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia (do 30 de novembro ao 7 de decembro).
 - Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 de decembro).
 - Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro).
 - Nadal.
- Segundo trimestre
 - Día Internacional da Educación (24 de xaneiro).
 - Día Escolar da non Violencia e da Paz (30 de xaneiro).

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

-
- Entroido.
 - Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro).
 - Día Internacional da Muller (8 de marzo).
 - Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 de marzo).
 - Semana da Prensa (do 6 ao 10 de marzo).
 - Día das Artes Galegas (1 de abril).
 - Terceiro trimestre
 - Día Mundial da Saúde (7 de abril).
 - Semana do libro (entre o 17 e o 21 de abril).
 - Día Internacional contra o Acoso Escolar (2 de maio).
 - Día de Europa (9 de maio).
 - Carreira solidaria (Save the children).
 - Semana das Letras Galegas (do 15 ao 17 de maio).
 - Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño).
 - Fin de curso.
- Ademais, na ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón que *“de conformidade coa Ley 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e in-tersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas”*.

As datas concretas de celebración decidiranse no claustro, tendo en conta a programación xeral.

IV. Actividades complementarias: saídas.

Este curso 2022/2023 comezámolo dentro da nova e ansiada “normalidade post pandémica”, en principio, sen protocolos sanitarios que nos impidan a realización de saídas e actividades todos xuntos, tanto dentro como fóra do colexio. Isto non quere dicir que non continuemos con determinados xeitos de actuar establecidos durante a pandemia e que semella que quedarán con nós un tempo (hixiene de mans, certa distancia interpersoal, evitar aglomeracións, coidados respiratorios e seguirmos protexendo a nós e aos que están cerca cando tusimos ou esbirramos). Tamén

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

continuamos pendentes da evolución durante o curso escolar, por se fora necesario volver adoptar medidas sanitarias.

Para este curso, oídas as achegas dos membros do claustro, as recibidas dende organismos públicos (Concello, Deputación, Fundacións, asociacións culturais, entidades medioambientais, ...), e sen esquecer a posibilidade de que ao longo do curso escolar se estime a conveniencia de non realizar algunha das saídas ou incluír outras non sinaladas neste apartado, propóñense as seguintes visitas escolares:

- INFANTIL

- Visita a unha granxa-escola: Granxa Coventina (Carral).
- Visitas a museos da cidade da Coruña: Museo de Belas Artes e/ou Casa dos Peixes.
- Visita á exposición da Fundación María José Jove.
- Centro de Saúde.

- PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA:

- Aeroporto da Coruña ou bombeiros.
- Fábrica: Bonilla ou Leyma.
- Museo: María José Jove e/ou Museo de Belas Artes.
- Aquarium.

- SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA:

- Fábrica Bonilla.
- Visitas a museos da cidade da Coruña: Museo de Belas Artes, Domus, Casa dos Peixes, Muncyt.
- Fundación María José Jove e Barrié de la Maza.
- Teatro (aínda por determinar).

- TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA:

- Fábricas: Leyma, Bonilla, A voz de Galicia.
- Muncyt.
- Museo de Belas Artes.
- Fundacións María José Jove e Barrié de la Maza.
- Museo Militar e Castelo de San Antón.
- Ruta pola cidade vella.
- Casa Rosalía e Casa María Pita.
- Parque eólico Sotavento (Xermade).
- Participación no proxecto Aprende a través del Surfing.

- **TODO O CENTRO:**

Ademais destas, está previsto participar en concertos didácticos musicais (Son Futuro) no Pazo da Ópera da Coruña así como aproveitar a oferta de teatro matinal promovida polo Concello da Coruña, sempre que se dean conseguido prazas libres.

Como en convocatorias anteriores, realizaremos unha saída ou xornada de convivencia ao final do curso, aínda por determinar.

V. Participación noutras actividades.

- Carreira Solidaria a beneficio da ONG “SAVE THE CHILDREN”, que se celebrará no centro. Na actividade participan todos os nenos do centro dun xeito voluntario e sen ánimo de fomentar a competitividade senón a solidariedade cos máis desfavorecidos.
- Actividades propostas polo concello da Laracha, incluídos os obradoiros de prevención de violencia de xénero e igualdade e a Festa de Igualdade organizados polo CIM para o alumnado de 5º e 6º de todos os centros educativos do concello.
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT), os alumnos e alumnas de 5º participarán no concurso escolar de teatro lido organizado dentro deste festival.
- A maiores, participarase en todas aquelas actividades que poidan xurdir ao longo do curso que o claustro considere positivas para o desenvolvemento integral do noso alumnado.

VI. Actividades realizadas polas tardes: extraescolares.

O alumnado do noso centro conta coa posibilidade de participar en actividades variadas realizadas pola tarde, que fomentan a socialización e a convivencia fóra das aulas.

Para acadar ditos obxectivos, contamos cunha serie de propostas, planificadas por diferentes axentes desta comunidade educativa, desenvoltas en diferentes espazos (Pavillón Polideportivo, Biblioteca escolar, Centro Sociocultural de Paiosaco, etc.):

- **Actividades propostas polo Centro:**

Apertura da Biblioteca do Centro atendida polo profesorado de garda, de luns a xoves en horario de 15:30 a 17:15.

- **Actividades propostas polo Concello:**

O Concello oferta diversas actividades que se realizan no Centro Sociocultural de Paiosaco ou no Pavillón Polideportivo, entre elas: fútbol sala, voleibol, teatro, zumba kids, manualidades e debuxo, ioga infantil, ...

- **Actividades propostas pola Asociación Cultural Queiroga:**

- Obradoiro de percusión tradicional: Pandeireta, tamboril...
- Gaita.
- Acordeón.
- Baile tradicional

Estas actividades poderán modificarse en función das necesidades da Agrupación.

- **Actividades propostas pola Unión Deportiva Paiosaco:**

- Fútbol

- **Actividades propostas polo ANPA:**

- Judo
- Baloncesto

Sinalar que, dado que o Pavillón Polideportivo sito no Centro é de propiedade municipal, fóra do horario escolar (a partir das 14:10) o Concello realiza nel actividades das que, salvo que afecten ao Centro, non temos información. Como non ten unha entrada independente, as cancelas do centro poden estar abertas, para permitir a entrada dos usuarios a este servizo. Por ese motivo, o centro só se fai responsable do alumnado propio, que accede ao interior do edificio de luns a xoves de 15:30 a 17:30, e do que o profesor de garda ten constancia no rexistro existente a tal fin.

VII. Condicións de utilización das instalacións do centro.

A utilización das instalacións do Centro queda supeditada á presentación por parte da entidade organizadora á dirección do centro dun plan de actuación conxuntamente cun plan de continxencia, no que se inclúan as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras. Este plan será revisado polo Consello Escolar para a súa aprobación.

Calquera entidade ou persoa que queira utilizar as instalacións do Centro, debe facer unha solicitude por escrito, diante da Dirección do Centro.

Para que se lle conceda esta autorización debe reunir as seguintes condicións:

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

- 1) Ser unha actividade de carácter educativo.
- 2) Non ser unha actividade remunerada.
- 3) Actividades que non interfiran coa labor educativa do Centro.
- 4) Que haxa unha persoa que se responsabilice de calquera deterioro, roubo, ... que poida ocasionar algunha persoa das participantes na actividade, e facerse cargo de repoñer todos os danos ocasionados.
- 5) Presentar ante a Dirección do Centro, un Proxecto-resumo da actividade que se pretende realizar, e acreditación de persoa en concreto, que indique que estea habilitado para impartir a devandita actividade.
- 6) Que non sexa necesario utilizar as instalacións interiores do Centro (para persoas que non sexan da Comunidade Educativa).
- 7) Presentar a proposta ante o Consello Escolar, despois de escoitar a opinión do Claustro de profesores, para que emita o seu informe.
- 8) Enviar á Delegación para que resolva o que proceda.

No caso de que a ANPA, Concello, Sindicatos, movementos de Renovación Pedagóxica, antigos alumnos, grupos de profesores, desexen utilizar as instalacións do Centro, estudarase a solicitude na Dirección e consultarase ao consello escolar, fíxándose moito na duración da actividade (tempo), para decidir se se concede dende a Dirección ou se tramita ante a Xefatura Territorial.

A solicitude deben facela diante a Dirección do Centro, cunha antelación mínima de tres días.

A coordinadora:

Mercedes Gómez Sampayo

6.- PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Ao profesorado do Centro facilitaráselle dende a Dirección que poidan asistir a todas as actividades de Formación que haxa e lles interese de acordo coas instrucións enviadas dende a Xefatura provincial de Educación.

O profesorado participa nos cursos ofertados polo CFR., o CAFI e outras entidades cando sexan de interese.

Dado que o centro está incluído nos centros do Plan de Mellora de BE, un membro do equipo de Biblioteca como mínimo, terá que asistir ás actividades de formación organizadas pola Asesoría de BE. para o persoal dos equipos de biblioteca destes centros.

Neste curso levarase a cabo un proxecto de formación permanente no centro cun total de 9 mestras/es participantes e con dous itinerarios:

- Actualización e mellora das tics: EDIXGAL
- Radio escolar

Ademais seguiremos no proxecto **Digicraft en tu Cole** no marco do Plan Digitalent . O profesorado implicado realizara a formación pertinente e o alumnado poderá experimentar cosa caixas de materiais tics enviados pola organización do proxecto.

- **Dende o equipo directivo impulsaranse todas as actividades formativas que enriquezan a práctica educativa e melloren a experiencia formativa do noso alumnado**

7.- MODIFICACIÓNS RELATIVAS AOS DOCUMENTOS DO CENTRO

A implantación dunha nova lei educativa implica revisar e modificar todos os documentos do centro para introducir e facer as modificacións oportunas á normativa vixente.

Na comisión de coordinación pedagóxica (CCP) realizarase unha revisión do Proxecto Educativo e das NOFC e aprobaranse todas as modificacións precisas

Tamén revisaranse os plans existentes como o Plan de Convivencia, o Plan de Igualdade e o Plan de Benestar Emocional.

Unha vez publicados os novos currículos de Educación Infantil e dos cursos impares de E. Primaria, os equipos docentes implicados están a realizar as programacións coa aplicación PROENS facilitada pola consellería no mes de setembro.

Nos cursos pares, revisaranse as programacións adaptándoas as circunstancias concretas dos cursos actuais e incluíranse nelas os mecanismos a seguir de ser preciso unha ensinanza virtual.

Sinalar unha vez máis, que a falta dun Regulamento Orgánico de Centros (ROC) actualizado e acorde ao marco legislativo actual dificulta a organización educativa do centro.

8.- -CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

1.1.- Característica do centro

O ámbito de actuación da presente proposta do plan anual de actividades ten como centro base o **CEIP Alfredo Brañas**, con **orientación compartida** co **CEIP de Caión**. As zonas educativas figuran descrita nos respectivos Proxectos Educativos de cada un dos centros. Ambos colexios están adscritos aos **IES Agra de Leborís** de A Laracha.

Neste curso escolar 2022/2023 o CEIP Alfredo Brañas conta con tres unidades de Educación Infantil e seis de Educación Primaria, cun total de **147** alumnos/as.

O CEIP de Caión consta de dúas unidade de Educación Infantil e tres unidades mixtas de Educación Primaria. Ten escolarizado un total de **58** alumnas e alumnos.

Aínda que hai algunhas diferenzas entre as dúas localidades polas súas particulares características xeográficas, o nivel socio-económico e cultural é semellante, concretándose a nivel educativo nalgunhas das seguintes **necesidades**:

- Necesidades educativas especiais (dificultades sensoriais, intelectuais, trastornos no neurodesenvolvemento, TEA...).
- Retraso madurativo.
- Dificultades no desenvolvemento da linguaxe e da comunicación.
- Dificultades de atención e/ou de aprendizaxe.
- Situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural (desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, minorías étnicas...).
- Altas capacidades intelectuais.
- Condicións persoais e historia escolar (menores sometido a medidas de protección e tutela, circunstancias persoais ou familiares, historia escolar do alumno/a, etc.).
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, procedentes doutros países (fundamentalmente do noroeste de África e de Latinoamérica).

1.2.- Marco legal

- Lei Orgánica 3/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

-
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, pola que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia.
 - Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de EI, de EP, de ESO e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
 - Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
 - Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
 - Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de EI, de EP, de ESO e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para

unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galiza.

- Circular 10/2010 pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2.1.- Composición

O Departamento de Orientación do CEIP Alfredo Brañas constituíuse, ao abeiro do Decreto 120/1998 do 23 de abril, o día 1 de setembro de 2022, coa seguinte composición:

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN		
EQUIPO: COMPOÑENTES		NOME E APELIDOS
Xefa do Departamento de Orientación		M ^a Esther Castro González
Especialista PT definitiva		Mercedes Gómez Sampayo
Especialista PT definitiva compartida		Mercedes Rita Rey Gómez
Especialista AL provisional compartido		Felipe Rodríguez Nogueira
Coordinadoras de ciclo	Educación Infantil	Marta Montes García
	1º ciclo de Ed. Primaria	María Montes García
	2º ciclo de Ed. Primaria	Carmen Garea Bermúdez
	3º ciclo de Ed. Primaria	M ^a Isabel de la Cruz Cenamor
Mestra representante do centro adscrito (CEIP de Caión)		M ^a del Carmen Fernández Quintáns

Ademais, como persoal non docente, neste curso cóntase tamén cunha persoa auxiliar coidadora (Pilar Marcote Salgado).

2.2.- Horarios

A orientadora acudirá ao centro adscrito CEIP de Caión todos os mércores. A PT definitiva permanecerán no CEIP Alfredo Brañas a horario completo. A segunda PT definitiva está compartida co IES Monte Neme de Carballo e asiste a este instituto os martes e os mércores. O AL provisional itinera con tres centros: CEIP de Ramón Otero Pedrayo (sendo este o seu centro base e a onde vai os luns, mércores e venres), o CEIP Alfredo Brañas (os martes) e o CEIP de Caión (os xoves).

A persoa auxiliar coidadora permanecerán no centro a horario completo e atenderá ao alumnado con NEE que ten asinado tamén durante o período do comedor.

A orientadora reunirse semanalmente coas PTs e o AL para coordinarse. O DO tamén manterá unha reunión mensual os luns pola tarde de 16:30-17:30 con todos os compoñentes do DO (primeiro luns de cada mes).

O horario da orientadora para atender ás familias será os luns de 15:30 a 16:30. Os pais deberán pedir cita previa a través do titor/a do alumna/a ou chamando ao centro.

Asemade, a orientadora asistirá ás reunións convocadas pola Xefatura do DO de Secundaria ao que se está adscritos, así como a todas aquelas nas que sexa preciso a súa presenza (EOE, servizos sociais, CIM, etc.).

3.- OBXECTIVOS

3.1.- Obxectivos xerais

- Prestar a axuda necesaria para que os procesos de ensino e aprendizaxe favorezcan a inclusión e o desenvolvemento integral de todo o alumnado.
- Favorecer que o ensino preste unha atención individualizada ás particulares necesidades dos alumnos e alumnas.
- Colaborar coas titorías na mellora da calidade educativa, no ensino e na avaliación do alumnado en xeral e, en particular, daquel que presenta NEAE.
- Colaborar en mellorar a convivencia do centro, na igualdade de oportunidades e no respecto á diversidade.

3.2.- Obxectivos específicos

Respecto ao centro

- Contribuír á detección temperá dos problemas no desenvolvemento ou dificultades aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas de carácter preventivo.
- Colaborar na revisión do Proxecto Educativo e os documentos que o integran co fin de adaptalos ás necesidades actuais e incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención a diversidade.
- Fomentar a colaboración entre os distintos axentes da comunidade educativa.
- Actualizar o Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan de Orientación e Plan de Acción Titorial conforme á lexislación vixente (Orde do 8 de setembro de 2021).
- Velar pola confidencialidade dos documentos.

Respecto ao alumnado

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as medidas de atención á diversidade e as orientacións para a intervención educativa.
- Participar no deseño, desenvolvemento e seguimento das medidas de atención á diversidade: apoios, adaptacións curriculares, programas individuais e grupais, programas de enriquecemento curricular, etc.
- Desenvolver programas de adquisición de habilidades sociais, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe cooperativa.
- Colaborar na acollida do novo alumnado.
- Desenvolver programas de transición entre as diferentes etapas educativas.

Respecto ao profesorado

- Asesorar ao profesorado nas actuacións educativas a realizar segundo as diferentes necesidades que poida presentar o alumnado.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información e formación sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e tutorial.
- Coordinar as actuacións entre os titores/as, profesorado, PT, AL e persoal auxiliar coidador para dar unha resposta adecuada ás necesidades do alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación.
- Asesorar ao profesorado titor no desempeño da súa función tutorial.

Respecto ás familias

- Entrevistas coas familias: intercambio de información familia-escola, recollida de datos para a avaliación do alumnado, asesoramento e seguimento.
- Informar ás familias do alumnado con NEAE sobre os resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas de atención á diversidade que se aplicarán.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos e potenciar as relacións familia-escola.
- Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos externos que lles proporcionan asistencia e apoio.

Respecto a outras institucións e órganos externos

- Colaborar cos servizos de orientación: EOE, DO do IES.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

- Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: SERGAS, Servizos Sociais, Concello, asociacións, etc., aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.

4.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE QUE SE APLICARÁN

Entre as medidas de atención á diversidade que se aplicarán durante o curso 2022/23 están:

■ **Medidas ordinarias:**

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programa de enriquecemento curricular para o alumnado de altas capacidades.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de Educación Primaria que permanece un ano máis no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

■ **Medidas extraordinarias:**

- Adaptacións curriculares. Van dirixidas ao alumnado con NEE e, excepcionalmente, ao restante con NEAE.
- Apoio del profesorado especialista en PT e AL. Será un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con NEE, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con NEAE.
- Flexibilización da duración del período de escolarización nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.
- Grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular.

5.- CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

Os criterios para organizar e distribuír os recursos serán os seguintes:

■ **Medidas ordinarias:**

O **reforzo educativo** será proporcionado polo **profesorado titor** no seu grupo e que deseñará e aplicará con aqueles alumnos/as que teñen certas dificultades para conseguir os obxectivos e contidos das diferentes áreas.

O **profesorado con dispoñibilidade horaria** ocuparase tamén do alumnado con necesidade de **reforzo educativo**, previo consenso entre o titor/a, DO e a Xefatura de Estudos. O titor/a informará ás familias da aplicación deste reforzo educativo.

■ **Medidas extraordinarias:**

A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de PT e AL, será realizada pola Xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e que se indican a continuación, contando coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de PT e/ou AL. Esta proposta de organización da docencia será elevada á Xefe de Estudos para a súa aprobación.

A **distribución dos apoios de PT e AL** rexerase polos seguintes **criterios de prioridade**:

- 1º Alumnado con **Necesidades Educativas Especiais** (NEE) debidamente xustificadas con **informes médicos e/ou psicopedagóxico**: discapacidade/dificultade (auditiva, visual, motora ou intelectual), pluridiscapacidade, TEA, trastorno grave de conduta, trastorno grave da comunicación e da linguaxe, diversos síndromes, etc. *Excepcionalmente*, poderá atender a outro alumnado NEAE.
- 2º Alumnado con **Adaptación Curricular**.
- 3º Alumnado con **retraso madurativo**.
- 4º Alumnado con **trastorno do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación**: trastorno específico da linguaxe (TEL), mutismo selectivo, retraso simple da linguaxe, problemas de fala (disglosia, disartia, disfemia...).
- 5º Alumnado de **incorporación tardía con descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe**.
- 6º Alumnado con **trastorno da atención ou de aprendizaxe**: TDAH; dificultades de lectura, escritura, cálculo; desfase curricular, dificultades nos procesos psicolóxicos básicos (razoamento, memoria, atención...).
- 7º Alumnado en **situación de vulnerabilidade socioeducativa**.
- 8º Alumnado con **condicións persoais e historia escolar**.

9º/ Alumnado con **altas capacidades intelectuais**.

En relación aos **criterios para a organización pedagóxica do profesorado de PT/AL** sinálanse os seguintes:

- Os apoios de PT serán sempre que sexan posibles dentro da aula ordinaria.
- Polo xeral, o especialista de AL realizará os apoios fóra da aula. Atenderá prioritariamente ao alumnado de cursos baixos para evitar que se consoliden os problemas de linguaxe e ter unha actuación preventiva.
- Os apoios de PT levaranse a cabo nas áreas instrumentais (Matemáticas e Linguas).
- A familia será informada das medidas de apoio de PT/AL que recibirá o alumno/a. A tal fin, facilitaráselles aos titores/as o modelo de información ás familias correspondente.
- Continuaranse cos apoios realizados no curso anterior, mentres non sexan dados de alta.
- Priorizaranse os cursos baixos, no eido de poñer en práctica medidas de detección temperá e preventivas.
- En Educación Infantil só se apoiará en casos de gravidade (NEE, retraso madurativo, trastornos graves do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación) e determinados no correspondente informe médico, DO ou EOE.
- Atenderanse primeiro ao alumnado que ten reforzo educativo e repetise curso.

Como **criterios para a organización do persoal de auxiliares coidador**, atenderase prioritariamente ao alumnado con NEE para favorecer a autonomía nos diferentes espazos do centro educativo. O horario de atención e a proposta de apoio ao alumnado será elaborado pola orientadora en coordinación coas PT, o AL, profesorado titor e coidadora. A proposta será elevada a Xefatura de Estudos para a súa aprobación.

6.- PROCEDIMENTO PARA SOLICITAR A INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Unha vez que o titor/a ou a familia detecta algunha necesidade no alumno/a deberá poñelo en coñecemento do DO e procederese da seguinte forma:

1. Solicitude por escrito por parte do titor/a ou da familia que será entregada na Dirección do centro.
2. Entrevista e fichas informativas e de observacións que deberá cubrir o profesor/a demandante.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

3. Recollida de información a través dunha entrevista familiar e fichas informativas. Se, á vista dos resultados da avaliación inicial, fora preciso pasar probas específicas, a orientadora informará á familia.
4. Observación do alumno/a dentro da aula ordinaria.
5. Elaboración do informe psicopedagóxico, de ser preciso.
6. Infórmase ao profesorado implicado (titor/a, profesorado de apoio...) e á familia dos resultados da valoración e das medidas educativas a tomar.

7.- ACTUACIÓNS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

CONCRECIÓN ANUAL DO PXAD			
Actuacións	Responsables	Destinatarios	Temporalización
Reunións semanais do DO	Orientadora.	PTs, AL e orientadora.	1 día/semana.
Reunións mensuais do DO-CCP	DO	Membros do DO	1 día/mes.
Revisión dos expedientes do alumnado con NEAE que recibiron atención de PT/AL o curso pasado.	DO	DO, alumnado.	1ª quincena de setembro.
Proposta da organización dos apoios de PT, AL, persoal auxiliar coidador, profesorado con dispoñibilidade horaria.	Orientadora, con colaboración das PT e AL.	Xefatura de Estudos Titores/as do alumnado NEAE.	Setembro.
Redacción da proposta definitiva dos servizos de apoio.	Orientadora.	Xefatura de Estudos.	Setembro.
Tramitación das Bolsas para o alumnado NEAE.	Familias e Orientadora.	Alumnado.	Setembro (ata o día 30).
Elaboración/revisión dos diferentes protocolos a empregar no DO: entrevistas, autorizacións, avaliacións psicopedagóxicas, AC...	Orientadora.	Comunidade educativa.	Setembro-outubro/todo o curso.
Revisión do material dispoñible no DO e adquisición de novo.	DO.	DO, profesorado, alumnado.	Setembro-outubro/todo o curso.
Elaboración, concreción do PXAD para a PXA.	Orientadora.	DO, Claustro, Consello Escolar.	Setembro.
Revisión do Plan de Orientación e do PXAD.	Orientadora, DO.	Claustro, Consello Escolar.	1º trimestre.
Realización das Adaptacións Curriculares (AC) propostas no curso anterior.	Orientadora, mestres implicados,	Alumnado.	1º trimestre (antes da finalización do

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

CONCRECIÓN ANUAL DO PXAD			
Actuacións	Responsables	Destinatarios	Temporalización
	profesorado de apoio, Xefatura de Estudos.		mes de novembro).
Recollida de datos de atención á diversidade DRDADI.	Orientadora.	Consellería de Educación.	Novembro.
Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes.	Orientadora.	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias.	Ao longo de todo o curso.
Aplicación de probas colectivas.	Orientadora.	Alumnado.	3º trimestre.
Programa de preparación para a ESO.	Orientadora do centro e do IES, titores-as de 6º.	Alumnado e familias de 6º.	3º trimestre.
Revisión dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio e establecemento do procedemento a seguir na súa cumprimentación.	DO.	Profesorado titor e profesorado de apoio.	Maio.
Previsión de alumnado NEAE para o curso 2023/2024.	DO.	Inspector da zona.	Maio-xuño.
Avaliación do Plan anual de actividades do DO.	DO.	Membros do DO.	Maio-xuño.
Participar na información ás novas familias do funcionamento do centro e do período de adaptación.	Orientadora, Dirección, docentes de EI.	Familias.	Xuño e setembro.
Elaboración de informes finais de 6º do alumnado NEAE.	Orientadora.	Xefatura de estudos, Orientador/a do IES.	Xuño.
Elaboración informes exención 2ª Lingua Estranxeira.	Orientadora e titores/as.	Alumnado con necesidades que remata 6º.	Xuño
Redacción de informes de seguimentos.	Orientadora.	DO, Xefatura de estudos, familias.	Xuño.
Redacción da Memoria do DO.	Orientadora.	DO, Claustro e Consello Escolar.	Xuño.
Recollida: datos de atención á diversidade DRDORIENTA.	Orientadora.	Consellería de Educación.	Xuño-xullo.
Proposta de apoios e AC para o vindeiro curso.	DO, titor/a.	Alumnado, equipos docentes.	Xuño.
Participación nas sesións de	DO.	Equipos docentes.	Ao remate de

PLAN XERAL
CEIP. “Alfredo Brañas”. Curso 2022-23

CONCRECIÓN ANUAL DO PXAD			
Actuacións	Responsables	Destinatarios	Temporalización
avaliación.			cada trimestre.
Asesoramento á comunidade educativa.	Orientadora.	Comunidade Educativa.	Todo o curso.
Colaborar co profesorado na cumprimentación de documentos do expediente do alumnado.	DO.	Equipo docente.	Todo o curso.
Elaboración e proposta de adquisición de material do DO.	Orientadora.	Comunidade educativa/Dirección.	Todo o curso.
Asesoramento no seguimento das AC.	Orientadora.	Equipos docentes, profesorado de apoio, Xefatura de Estudos.	Todo o curso.
Asesoramento xeral na acción tutorial.	Orientadora.	Profesorado.	Todo o curso.
Asesoramento e colaboración na elaboración/revisión dos documentos do centro.	Orientadora.	Claustro-Equipo Directivo.	Todo o curso.
Actuacións promotoras da Convivencia.	DO.	Comunidade educativa.	Todo o curso.
Coordinación e establecemento de canles de comunicación entre os diferentes profesionais que atende ao alumnado NEAE e os organismos externos ao centro.	Orientadora.	Equipo docente, familias.	Todo o curso.

8.- COORDINACIÓNS EXTERNAS

Ao longo de curso levaranse a cabo principalmente as seguintes coordinacións externas:

- Concello de A Laracha (Servizos Sociais, CIM, Psicóloga e Concelleira de Cultura).
- Servizos Médicos da zona.
- Servicio de Atención Temprá de A Laracha e UDIAF de Carballo.
- Hospital Materno Infantil “Teresa Herrera” (A Coruña).
- Equipo de Orientación Específico de A Coruña.
- CEE Nosa Señora do Rosario.
- ASPANAES.
- ASPERGA.

- Outros organismos.

Para a coordinación cos axentes de intervención externos que incidan na atención ao alumnado con NEAE, establécense os seguintes **criterios**:

- Solicitarase previamente por escrito o consentimento da familia para coordinarnos. O DO proporcionará a folla de autorización.
- Para garantir a confidencialidade e a protección de datos do alumnado, só se permitirá a entrada ás aulas das persoas pertencentes á Consellería de Educación (EOE, Inspección educativa...). Por tanto, ningún membro do Concello, SERGAS, asociacións, membros de gabinetes privados, etc. poderá entrar nas clases para observar ou intervir cun alumno/a concreto. Nestes casos, a coordinación realizarase por exemplo a través de reunións, chamadas telefónicas, correo electrónico, etc. O DO tamén elaborará informes para os servizos públicos que deberán solicitalo por escrito (SERGAS, Menores, Servizos Sociais, etc.).

9.- PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DA CONCRECIÓN ANUAL DO PXAD

No mes de xuño realizarase a avaliación da concreción anual do PXAD, dos procesos e dos resultados, que se incorporará á **Memoria do Departamento de Orientación** que incluírá unha reflexión sobre os logros acadados e as dificultades atopadas, así como posibles medidas para palialas e establecendo plans de mellora para o vindeiro curso.

Para iso teranse en conta os seguintes **criterios de avaliación**:

- Grao de consecución dos obxectivos establecidos e nivel de cumprimento das actividades propostas.
- Grao de adecuación dos plans de intervención ás necesidades detectadas.
- Nivel de implicación e participación do DO, titores/as, equipo docente, equipo directivo, CCP..., na aplicación de medidas de atención á diversidade.
- Grao de participación do alumnado nas actividades previstas.
- Nivel de colaboración das familias.
- Grao de aplicación dos diversos protocolos.
- Nivel acadado nas coordinacións internas e externas.
- Resolución satisfactoria das necesidades do alumnado, profesorado e familias.
- Número de informes e reunións feitas.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

Entre os **instrumentos e procedementos de avaliación** que se utilizarán para valorar a concreción de dito plan, están: entrevistas, cuestionarios, observación de distintos contextos e situacións, actas das reunións, análise do clima de convivencia no centro, informes de avaliación, análise de documentos, informes individuais finais do profesorado de apoio, así como tamén das Memorias de final de curso.

Para concluír, resaltar que esta programación anual terá un carácter aberto, flexible e revisable co obxecto de contribuír á mellorar do plan.

A Xefa do Departamento de Orientación
María Esther Castro González

9.- PROGRAMACIÓN ANUAL DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

No presente documento preténdese reflectir as actuacións que levarán a cabo os/as mestres/as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe no CEIP Alfredo Brañas de Paosaco (A Coruña) ao longo do presente curso escolar 2022-2023. Adáptase ás características psicolóxicas, físicas e afectivas dos alumnos e alumnas aos que vai dirixida, así como ao contexto sociocultural no que se desenvolve o centro e os recursos, materiais e persoais, dos que dispón.

9.1.- OBXECTIVOS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

Ao longo de tódalas intervencións levadas a cabo durante o curso, intentarase acadar unha serie de **obxectivos xerais**, ademais dos establecidos con carácter específico para cada un dos alumnos/as cos que se traballará de xeito individual. Estes obxectivos son:

- ❑ Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.
- ❑ Adaptar de forma especial a devandita resposta educativa, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas, ao alumnado con necesidades matriculado no centro.
- ❑ Procurar a inclusión do alumnado con NEE e NEAE no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar, dándolle a cada un/unha aquilo que precisa para unha participación igualitaria e activa.
- ❑ Favorecer o proceso de integración escolar do alumno.
- ❑ Desenvolver a capacidade de comunicación de forma axeitada en diferentes situacións utilizando a linguaxe oral ou sistemas de comunicación aumentativos e/ou alternativos.
- ❑ Desenvolver as posibilidades expresivas da linguaxe mediante a participación activa do alumnado en actividades, xogos e conversas.
- ❑ Desenvolver as capacidades de representación e simbolización, que son básicas para o desenvolvemento da linguaxe e no que as situacións de xogo permiten a expresión de tales procesos.

- Desenvolver as capacidades que permiten ao alumno/a crear e manter relacións sociais cos seus compañeiros, pois permitirá o desenvolvemento da pragmática da linguaxe mediante os diálogos e conversas entre iguais.
- Espertar no alumnado a conciencia do importante que resulta falar e escribir ben para relacionarnos cos demais.
- Potenciar a lectura, proponendo técnicas que a faciliten, como recurso para acceder a outras áreas de coñecemento.

9.2.- FUNCIONES ESPECÍFICAS DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PT E AL

- a) Colaborar coa xefatura do Departamento de Orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- b) Prestar atención docente directa ao alumnado atendido polo DO.
- c) Elaborar un programa de intervención individualizado así como un informe final de cada un dos alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo, onde quede reflectida toda a súa evolución ao longo do curso, así como as orientacións para o vindeiro.
- d) Apoiar e orientar a actuación do profesorado en adaptacións curriculares, metodolóxicas e organizativas da aula, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais e didácticos, procedementos, instrumentos e estratexias de avaliación que poidan favorecer a súa labor, especialmente no que se refire ao ámbito das NEE e NEAE.
- e) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- f) Establecer canles de colaboración co equipo docente que intervén co alumnado que está atendido polo Departamento de Orientación do centro.
- g) Establecer canles de comunicación con outros organismos externos que realizan intervención con alumnado NEE e NEAE matriculado no centro.
- h) Favorecer canles de comunicación axeitados coas familias do alumnado atendido en PT e AL.

9.3.- ALUMNADO QUE ASISTE ÁS AULAS DE APOIO

Este curso 2022/2023 continuarase traballando co alumnado que xa recibiu apoio o curso pasado e que precisa seguir con el por non ter superadas as súas dificultades. Ademais, iranse incorporando outros alumnos/as que cheguen novos ou que o precisen segundo se vaian vendo necesidades.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

Os alumnos/as que asisten ás aulas de PT e AL presentan, principalmente: TEA, desfase curricular significativo, trastornos da conduta, dificultades de aprendizaxe e de atención, incorporación tardía ao sistema educativo español e dificultades de linguaxe. As necesidades educativas máis frecuentes que se detectan nestes alumnos/as poden resumirse en:

- Necesidade de desenvolver estratexias para aumentar e manter a atención.
- Necesidade de aprender e afianzar contidos previos e básicos de área (matemáticas e lingua) para poder avanzar nos correspondentes por idade.
- Necesidade de desenvolver habilidades básicas de razoamento, memoria e atención.
- Necesidade de mellorar en lecto-escritura.
- Necesidade de mellorar o nivel de comprensión lectora.
- Necesidade de mellorar a expresión e comprensión oral e escrita.
- Necesidade de aumentar o vocabulario.
- Necesidade de traballar o razoamento lóxico matemático.
- Necesidade de desenvolver habilidades de autonomía persoal e escolar (incidindo no uso das TICs para o posible caso de ensinanza telemática).
- Necesidade de fomentar e mellorar as relacións sociais co grupo de iguais.
- Necesidade de implementar un sistema alternativo/aumentativo de comunicación (SAAC).
- Necesidade de percibir a funcionalidade das aprendizaxes e utilizalas na súa vida diaria.
- Necesidade de desenvolver a súa seguridade, confianza e autoestima positiva.
- Necesidade de estimular a linguaxe e as intencións comunicativas.
- Necesidade de desenvolver estratexias de axuste e control da propia conduta.

9.4.- METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN HORARIA

Traballarase o recollido no programa de intervención elaborado para cada alumno ou alumna de maneira individual, tendo sempre en conta as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos do alumno/a e da súa zona de desenvolvemento próximo, coa finalidade de que os poidan relacionar coas súas experiencias anteriores e contribuír así a que as aprendizaxes acadadas sexan significativas.

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

-
- Traballar en base á aprendizaxe funcional: "aprender a aprender", base de novas aprendizaxes e aplicación á realidade.
 - Salientar aqueles saberes básicos e imprescindibles e seleccionar aqueles coñecementos, destrezas e actitudes que sexan máis relevantes para acadar as competencias específicas que lles permitan ir progresando con garantías de éxito no seu itinerario formativo.
 - Establecer canles de coordinación permanente co equipo docente que atende ao alumno/a co fin de consensuar metodoloxías, contidos, estratexias e actuacións xerais co alumnado que recibe apoio de PT e AL.
 - Procurarase dar resposta a ritmos, intereses e capacidades de cada alumno/a mediante a motivación e a creación dun ambiente de seguridade e confianza ante as tarefas que se lle presenten, utilizando o reforzamento positivo e a implicación do/a neno/a no seu propio proceso de ensinanza e aprendizaxe.
 - A organización do tempo será flexible e adaptarase ás moitas e variadas necesidades.
 - Crear un clima lúdico onde o neno/a se sinta útil e seguro.
 - Favorecer a súa autoestima e motivación.

En canto á organización, este curso contamos cunha PT a tempo completo e outra itinerante, ademais dun AL compartido. Para a elaboración dos horarios darase prioridade ao apoio dentro da aula ordinaria, salvo naqueles casos en que sexa necesario un apoio máis específico que se levará a cabo nas aulas de PT e AL, ben de maneira individual ou en pequeno grupo (non máis de 2 por falta de espazo). Dependendo das necesidades que vaian xurdindo o horario estará suxeito a modificacións ao longo do curso.

No caso de ensinanza telemática ou a distancia, a metodoloxía verase modificada adaptándonos ás circunstancias sanitarias e familiares do alumnado e do profesorado. Estableceremos canles de comunicación, ben directamente coas familias, ben a través do/a titor/a para manter o contacto e a atención cos alumnos/as que están sendo obxecto de intervención por parte dos/as especialistas de PT e AL.

9.5.- RECURSOS

Os recursos persoais son o equipo docente implicado no proceso de ensinanza e aprendizaxe do neno ou nena, a xefa do Departamento de Orientación, as dúas mestras especialistas PT, o mestre especialista AL e outros axentes externos (EOE, Atención Temperá, UDIAF, familias e gabinetes externos).

Os materiais e recursos didácticos que se utilizaran son: libros e cadernos do seu curso de referencia ou adaptados ao seu nivel curricular; así como fichas, mapas, dicionarios, xogos de razoamento, atención e memoria, ...; ademais dun ordenador por aula, tablets, material elaborado de maneira individual; e material específico para traballar procesos psicolóxicos básicos (memoria, atención, percepción, linguaxe, emocións, ...).

Dentro do Departamento de Orientación contamos con diferentes materiais, libros de consulta, caderniños e test variados formando un centro de recursos para facilitarnos a labor diaria.

9.6.- AVALIACIÓN

Partirase dunha avaliación inicial que permita determinar a resposta educativa máis axeitada ás necesidades do alumnado con NEE e NEAE. O seguimento e avaliación dos programas de intervención realizarase, cando menos, nas sesións de avaliación trimestrais e darase a coñecer ao equipo docente. Isto permitirá realizar as modificacións oportunas nas actuacións educativas.

Ao finalizar o curso escolar realizarase un informe de apoio de cada alumno/a coa finalidade de ir vendo os obxectivos alcanzados, os que faltan por traballar ou aqueles que é necesario modificar, as fortalezas do neno ou da nena, estratexias e reforzos que funcionan (e tamén os que non funcionan), logros acadados, esforzo individual, grao de autonomía (ou redución de axuda) adquirido na realización das tarefas propostas, integración no grupo social de referencia, relacións cos grupos de iguais e cos adultos e outros aspectos importantes nos que seguir traballando.

A avaliación farase a través de rexistros, observación directa dos traballos realizados, diarios de clase, motivación e actitude ante o traballo... É importante informar ao alumno/a dos seus logros, por pequenos que estes sexan, xa que axudará a manter o interese, a motivación e a autoestima positivos.

As mestras de PT: Mercedes Gómez Sampayo
Mercedes Rita Rey Gómez
O mestre de AL: Felipe Rodríguez Nogueira

10.-PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE ESCOLAR.

- **FAMILIAS:**

As familias dos alumnos son unha parte importante e imprescindible para levar a cabo, cos resultados óptimos, o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Por ese motivo seguiremos a empregar os mecanismos de comunicación creados durante a pandemia xa perfectamente integrados nas familias, ao que se suman novamente as titorías presenciais sempre que sexan necesarias..

Os mecanismos xa consolidados son:

- A través da aplicación Abalar Móbil
- Correo –e tanto do centro como de todos os mestres
- Teléfono do centro
- Listas de difusión a través da aplicación Whatsapp
- Paxina web do centro e blog do centro
- De ser necesario, convocarase reunión virtuais a través da aplicación Cisco Webex
- Correos–e para todo o alumnado dentro do dominio propio do centro “alfredobrañas.com”.

As familias son informadas en todo momento do que acontece no centro e no caso do que precisen poderán , previa petición de cita ser recibidas no centro.

As campañas sociais realizadas en cursos anteriores , retomaranse sempre que sexan posible:

- Recollida de roupa usada en colaboración con varias ONGs
- Recollida de alimentos non perecedoiros para o banco de alimentos do Concello
- Recollida de tapóns de plástico
- Recollida de cartos a través da carreira solidaria destinados a diversas entidades.

Campañas medioambientais:

- Recollida de papel, pilas, tóner de impresoras e aceite de cociña usado.

- **ANPA**

O Centro está aberto a todo tipo de propostas ou iniciativas, presentadas por parte da ANPA que redunde nunha mellor formación integral dos alumnos. O equipo directivo colaborou e colaborará coa directiva do ANPA en todo aquilo que precise dentro das súas competencias.

Na actualidade oferta para as familias a actividade de Judo, nas dependencias do Centro Sociocultural de Paiosaco e a de Balonmán no Pavillón Municipal.

- **CONCELLO A LARACHA:**

Os contactos co Concello son frecuentes e con todos os integrantes da corporación municipal e os responsables dos diferentes servizos, como a directora e psicóloga do CIM, as asistentes sociais, policía local, etc.

Salientar que ata o día de hoxe, as peticións de mantemento e reparación do centro foron atendidas e na maior parte dos casos asumidas e solucionadas ou a espera de solucionarse.

Así mesmo, tamén colaboran nas demandas que o centro realiza perante a Xefatura Territorial.

Dende o Centro de Información a Muller (CIM), ademais de coordinar conxuntamente intervencións a nivel familiar (asistencia social e/ou psicolóxica), ofrécenos habitualmente cursos sobre “Prevención de violencia de xénero, Igualdade e corresponsabilidade” para o alumnado de 5º e 6º de E. Primaria durante o primeiro trimestre do ano.

A colaboración entre ambas entidades é de dobre banda, desde hai cinco cursos xunto coa Orientadora, a dirección do centro forma parte de Mesa Local contra a violencia de Xénero do Concello de A Laracha.

Dende hai catro cursos, o concello da Laracha puxo en marcha o Programa Harmoniza que tenta mellorar a conciliación familiar das mulleres do concello. Ademais do servizo de ludoteca na biblioteca Municipal para as tardes, implantou servizos de madrugadores nos centros do concello.

*****O Equipo directivo quere destacar a boa predisposición do concello ante as nosas propostas e agradece a súa colaboración.**

***** O equipo directivo seguirá a traballar para mellorar as comunicación con todos os sectores que inciden na comunidade escolar .**

11.- AGRUPAMENTO DOS ALUMNOS

Os agrupamentos que hai nestes momentos son:

- 1 unidade de 4º de Educación Infantil con 19 alumnos/as. Titora:Salvia Varela Losada
- 1 unidade de 5º de Educación Infantil con 14 alumnos/as. Titora: Aloia Picón Pérez
- 1 unidade de 6º de Educación Infantil con 17 alumnos/as. Titora: Marta Montes García
- 1 unidade de 1º curso de E.P. con 10 alumnos/as. Titora: Luzdivina Mouce Debasa
- 1 unidade de 2º curso de E.P. con 21 alumnos/as. Titora:. María Montes García
- 1 unidade de 3º curso de E.P. con 15 alumnos/as. Titora: MªSoledad Vizoso Varela
- 1 unidade de 4º curso de E.P. con 15 alumnos/as. Titora: Carmen Garea Bermúdez
- 1 unidade de 5º curso de E.P. con 22 alumnos/as: Titora: Mª Isabel de la Cruz Cenamor
- 1 unidade de 6º curso de E.P. con 18 alumnos/as: Titora: Sandra Lema Ozón

12.- ADSCRICIÓN DO PROFESORADO

Salvia Varela Losada	4º E. Infantil
Aloia Picón Pérez	5º E. Infantil Coordinadora equipo dinamización Plan Dixital
Marta Montes García	6º E. Infantil Coordinadora E. Infantil
Luz Divina Mouce Debasa	1º curso de E.P. Xefatura de estudos
María Montes García	2º curso de E.P. Coordinadora de ciclo
María Soledad Vizoso Varela	3º curso de E.P.
Carmen Garea Bermúdez	4º curso de E.P. Secretaria CCP Coordinadora de 2º Ciclo
Mª Isabel de la Cruz Cenamor	5º curso de EP Coordinadora 3º ciclo
Sandra Lema Ozón	6º curso de E.P. Coordinadora Proxecto Digicraft no teu cole
Gustavo López Morán	Inglés en E.I. e E.P. Coordinador Tics
José Manuel Canosa Carballo	Ed. Artística Coordinador PFPP Edixgal
Mercedes Gómez Sampayo	Pedagogía Terapéutica Coordinadora Actividades C. e E.
Mercedes Rita Rey Gómez	Pedagogía Terapéutica (Itinerante)
Iván Barrós Álvarez	Ed. Física E.P. e Psicomotricidade en E. I CCSS e CCNN 1º EP Coordinador EDLG
Sonia Reigía Regueira	Apoio Infantil Secretaria
Mª Agripina Alfeirán Rodríguez	Apoio Infantil Dirección

PLAN XERAL

CEIP. "Alfredo Brañas". Curso 2022-23

M ^a Esther Castro González	Orientadora
M ^a Carmen Fernández Quintáns	Relixión (Itinerante) Coordinadora PLAMBE
Felipe Rodríguez Nogueira	Audición e Linguaxe (Itinerante)

13.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓGICA

Seguindo a normativa vixente, as etapas educativas organizanse en ciclos:

Educación Infantil:

Marta Montes García (coordinadora)

Salvia Varela Losada

Sonia Reigía Regueira

Aloia Picón Pérez

M^a Agripina Alfeirán Rodríguez

Educación Primaria:

1º Ciclo:

Luzdivina Mouce Debasa

María Montes García (Coordinadora)

2º Ciclo:

M^a Soledad Varela Vizoso

Carmen Garrea Bermúdez (Coordinadora)

3º Ciclo:

M^a Isabel De La Cruz Cenamor (Coordinadora)

Sandra Lema Ozón

Dado que somos un claustro reducido no que todas e todas coincidimos nos múltiples equipos e comisións existentes, por acordo do claustro, todos os luns, sempre que as necesidades do centro o permitan, ás 16:30 haberá unha reunión conxunta de coordinación de todo o claustro, e se recollerá nunha acta todo o tratado. Nesas reunións marcarase tanto a liña de traballo como o procedemento axeitado para facelo, ben en gran grupo, ben en comisións ou equipos.

As comisións e equipos formados son:

Comisión de Coordinación Pedagóxica.

- M^a Agripina Alfeirán Rodríguez – Directora

- M^a Ester Castro González - Orientadora do centro
 - Luz Divina Mouce Debasa - Xefa de Estudos
 - Mercedes Gómez Sampayo - Mestra de PT e coordinadora de ACE
 - Mercedes Rita Rey Gomez PT itinerante
 - Marta Montes García - Coordinadora de E.I.
 - Marta Montes García – Coord. 1º Ciclo
 - Carmen Garea Bermúdez – Coord. 2º Ciclo
 - M^a Isabel de la Cruz Cenamor- Coord, 3º ciclo
 - Iván Barrós Álvarez O coordinador de EDLG
 - M^a Carmen Fernández Quintáns, coordinadora do PLAMBE
 - Gustavo López Morán, coordinador Tics
- *** *Carmen Garea Bermúdez, titora de 3º EP será a secretaria da comisión*

Departamento de Orientación:

- M^a Esther Castro González (Orientadora)
- Mercedes Gómez Sampayo (Mestra de PT)
- M^a Carmen Fernández Quintáns mestra de relixión representante do CEIP de Caión
- As coordinadoras dos ciclos de Ed. Primaria
- Marta Montes García (Coordinadora de EI)
- Mercedes Rita Rey Gómez (PT itinerante).
- Felipe Rodríguez Nogueira (AL itinerante – centro base CEIP Otero Pe

*** A orientadora como Xefa do departamento, se o estima conveniente, poderá invitar aos membros do claustro que non pertencen ao departamento, cando os temas a tratar no mesmo teñan relación directa con eles.

Equipo de Normalización da Lingua Galega:

- Iván Barrós Álvarez (Coordinador)
- Sonia Reigía Regueira (E. Infantil)
- Luz Divina Mouce Debasa (E. Primaria)
- Sandra Lema Ozón (E. Primaria)
- Aloia Picón Pérez

Equipo de actividades complementarias e extraescolares:

- Mercedes Gómez Sampayo (Coordinadora)
- Todo o claustro

*** Reunirase cando menos unha vez por trimestre e cando sexa necesario para programar actividades co profesorado implicado nas mesmas.

Outros equipos:

- **Equipo de Biblioteca:**

M^a Carmen Fernández Quintáns (Coordinadora)
Marta Montes García (E. Infantil)
María Montes García (E. Primaria)
M^a Soledad Vizoso Varela
M^a Esther Castro González
Salvia Varela Losada
Mercedes Rita Rey Gómez

- **Equipo dinamización Plan Dixital:**

Aloia Picón Pérez (coordinadora)
M^a Agripina Alfeirán Rodríguez (directora)
M^a del Carmen Fernández Quintáns
Carmen Garea Bermúdez
Sandra Lema Ozón

- **Equipo dinamización de TIC's:**

Gustavo López Morán (Coordinador)
Carmen Garea Bermúdez
Jose Manuel Canosa
Isabel de la Cruz Cenamor

- **Equipo Edixgal:**

Jose Manuel Canosa Carballo (coordinador)
Isabel de la Cruz Cenamor
Sandra Lema Ozón,
Mercedes Gómez Sampayo
Iván Barrós Álvarez

Gustavo López Morán

M^a Carmen Fernández Quintáns

- **Comisión de Convivencia:**

Os representantes do profesorado dentro da Comisión de Convivencia do centro son os seguintes:

M^a Esther Castro González

Luz Divina Mouce Debasa

Marta Montes García

M^a Agripina Alfeirán Rodríguez

- **Equipo COVID**

Directora / membro do equipo directivo.

M^a Esther Castro González

Carmen Garea Bermúdez

M^a Carmen Fernández Quintáns (suplente)

Equipo directivo

- DIRECTORA: M^a Agripina Alfeirán Rodríguez
- XEFA DE ESTUDOS: Luz Divina Mouce Debasa
- SECRETARIA: Sonia Reigía Regueira

Consello Escolar

- Presidente: M^a Agripina Alfeirán Rodríguez
- Xefa de estudos: Luz Divina Mouce Debasa
- Secretaria: Sonia Reigía Regueira

- Representantes do profesorado
 - Sandra Lema Ozón
 - Mercedes Gómez Sampayo
 - Isabel de la Cruz Cenamor

- Carmen Garea Bermúdez
- María Soledad Vizoso Varela

- Representantes dos pais/nais de alumnos
 - Sonia Gómez Castro
 - Alejandro Mallo Ramos
 - Noelia Couce Fernández

- Representante do ANPA:
Paula Sexto Novogil

- Representante do Concello:
 - Ramiro Bello Recouso

- Representante persoal non docente:
 - Pilar Marcote Salgado

***** No mes de decembro haberá eleccións de representantes ao consello escolar do centro:**

- ***Sector pais /nais: dúas vacantes .***
- ***Sector profesorado: dúas vacantes***

***** A directora como presidente da xunta electoral velará polo correcto funcionamento de todo o proceso electoral.**

14.- DISTRIBUCIÓN HORARIA DO CALENDARIO ESCOLAR

A/ HORARIO LECTIVO DE SETEMBRO A XUÑO

A distribución horaria segue a ser a mesma que en cursos anteriores:

- 1ª sesión: 9:10- 10:00
- 2ª sesión: 10:00- 10:50
- 3ª sesión: 10:50- 11:40
- RECREO: 11:40- 12:10
- 4ª sesión: 12:10- 13:20
- 5ª sesión: 13:20- 14:10

** A hora de ler inclúese na 4ª sesión

B/GRUPOS DE RECREO E GARDAS DE TRANSPORTE

Luns	Grupo A
Martes	Grupo B
Mércores	Grupo C
Xoves	Grupo D
Venres	Rotarán os equipos anteriores

De acordo a normativa vixente, o número de mestres/as necesarias para facer a garda é de catro, un/ unha das cales e de maneira rotatoria coas do seu equipo, fará garda na BE.

A garda do venres farase de maneira rotatoria dos equipos.

A composición dos equipos de garda así como a quenda de substitución por ausencia dalgún dos membros, figura na xefatura de estudos e na sala de profesorado

A fin de reforzar as gardas nas entradas e saídas, todo o profesorado de garda na primeira e última sesión presente no centro e que non teña docencia directa encargarase de recibir e entregar ao alumnado.

C/ HORARIO DO PROFESORADO

A distribución do profesorado do centro é a que figura no DOC (Documento Organizativo de Centro) que se remite á Inspección Educativa.

- Horas non lectivas de dedicación ao Centro:

Todo o profesorado permanecerá no colexio, os luns pola tarde entre as 15:30 e as 18:30.

De 15:30 a 16:30, o profesorado atenderá ás familias, sempre previa concertación de cita, quedando as outras horas para facer as reunións de traballo. A fin de facilitar a asistencia dos representantes dos pais/nais aos consellos escolares e por petición dos mesmos procurarse celebrar as reunións do consello a primeira hora da tarde dos luns polo que, por necesidades organizativas, os/as mestres/as representantes do profesorado no consello escolar non citarán nin realizaran entrevistas coas familias cando haxa convocada sesión de dito órgano colexiado.

A partir das 16:30 realizaranse as reunións do profesorado, empezando por unha reunión conxunta de coordinación de todo o claustro e na que os diferentes equipos trasladarán ao resto de compañeiros consultas e iniciativas. De estas reunións, a secretaria elaborará un acta informativa que trasladará a todo o claustro.

As gardas de transporte realizaranse de 08:55 a 09:10 e de 14:10 ata a saída do transporte escolar. Cada dúas quendas de garda o profesorado implicado poderá dispoñer dunha hora de libre disposición que compense o tempo dedicado ás gardas de transporte. As horas de compensación do profesorado figuran nun calendario na xefatura de estudos.

D/ DATAS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Sempre que a actualidade da vida do centro o permita o calendario será o seguinte:

Datas de Avaliación:

	1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
Xunta da avaliación	12 de decembro	20 de marzo	12 de xuño
Entrega de Boletíns	22 de decembro	31 marzo	21 de xuño

Calendario reunións órganos docentes:

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
Atención ás familias	Semanal	Semanal	Semanal

PLAN XERAL
CEIP. “Alfredo Brañas”. Curso 2022-23

15:30 – 16:30	Reunións iniciais <ul style="list-style-type: none"> • 02/09/22 E. Infantil 19/09/22 1º e 2º EP • 26/09/22: 3º e 6º EP • 03/10/22 4º e 5º EP. 		
REUNIÓN DE EQUIPOS 16:30– 17:30/18:30 E DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 12/09/22 ➤ 19/09/22 ➤ 26/09/22 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 09/01/23 ➤ 16/01/23 ➤ 23/01/23 ➤ 30/01/23 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 06/04/23 ➤ 13/04/23 ➤ 20/04/23 ➤ 27/04/23
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 03/10/22 ➤ 10/10/22 ➤ 17/10/22 ➤ 24/10/22 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 06/02/23 ➤ 13/02/23 ➤ 27/02/23 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 08/05/23 ➤ 15/05/23 ➤ 22/05/23 ➤ 29/05/23
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 07/11/22 ➤ 14/11/22 ➤ 21/11/22 ➤ 28/11/22 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 06/03/23 ➤ 13/03/23 ➤ <u>20/03/23:</u> <i>xuntanza</i> <i>avaliación</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ <u>05/06/22.</u> ➤ 12/06/20 <i>Xunta Av</i>
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 05/12/22 ➤ 12/12/22: <i>Avaliación</i> ➤ 19/12/22 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 27/03/23 	
	Outras reunións 17:30 – 18:30	Dependendo das necesidades do centro	Dependendo das necesidades do centro

E/ DÍAS SOLICITADOS COMO NON LECTIVOS

Segundo a orde do 20 de maio de 2022, DOG, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23, unha vez aprobado no Consello Escolar, solicítase como día non lectivo:

- a. 2 de novembro de 2022

15.- LIBROS DE TEXTO

De acordo a normativa vixente este curso houbo cambios nos libros de texto en 1º e 3º E. Primaria e en 5º e 6º seguen a usar os libros dixitais a través da plataforma EVA- Edixgal.

No caso de E. Infantil, os materiais son en galego

PLAN XERAL
C.E.I.P. “Alfredo Brañas”. Curso 2022- 23

LIBROS DE TEXTO CEIP ALFREDO BRAÑAS- CURSO 2022/23

22/23	1º EP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
L.Castellana	Construyendo mundos Primeros pasos 1 (pack 2) Ed Santillana ISBN: 978-84-680-7160-2	“Saber hacer contigo” ML Ed. Santillana ISBN:978-84-680-4746-1	Lengua Castellana. Construyendo Mundos Mochila Ligera Ed. Santillana ISBN:978-84-680-7201-2	Proyecto “Saber hacer” Ed. Santillana ISBN: 978-84-680-2956-6	<i>E-DIXGAL</i>	<i>E-DIXGAL</i>
L.Galega	Lectoescritura 1 Construíndo Mundos (1-1) ISBN: 978-84-9185-399-2 Lingua 1 Construíndo mundos (1-2) ISBN: 978-84-9185-532-3 Ed. Santillana	“A Nave dos Libros” Lecturas 2/ Os camiños do Saber / Obradoriro Santillana ISBN: 978-84-9972-085-2	Lingua Galega Construíndo Mundos 3º Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-409-8	Proxecto “Celme” Ed.SM Xerme ISBN:978-84-9854-526-5	<i>E-DIXGAL</i>	<i>E-DIXGAL</i>
C. Sociais	CC Sociais Construíndo Mundos 1 ISBN: 978-84-9185-411-2	Saber Facer Contigo Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-033-5	C. Sociais Construíndo Mundos 3 Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-416-6	Saber Facer Ed. Obradoiro Santillana ISBN:978-84-9972-714-1	<i>E-DIXGAL</i>	<i>E-DIXGAL</i>
C. da natureza	CC Natureza Construíndo Mundos 1 ISBN: 978-84-9185-411-1	Saber Facer Contigo Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-036-6	C. da Natureza Construíndo Mundos 3 Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-410-4	Saber Facer Ed. Obradoiro. Santillana ISBN: 978-84-9972-600-7	<i>E-DIXGAL</i>	<i>E-DIXGAL</i>
Matemáticas	Matemáticas 1 “Construyendo Mundos” Mochila Ligera ISBN: 978-84-680-7131-2	“Saber hacer contigo ” ML Ed. Santillana ISBN: 978-84-680-4747-8	Matemáticas Construyendo Mundos Mochila Ligera Ed. Santillana ISBN: 978-84-680-7136-7	Proyecto “Savia” Ed. SM ISBN: 978-84-675-7540-8	<i>E-DIXGAL</i>	<i>E-DIXGAL</i>
Inglés	Open Up 1 Class Book with Digital Book Pack ISBN: 9780194071512	Open Up 2 Class Book with Digital Book Pack ISBN: 9780194071987	Open Up. 3 Class Book with Digital Book ISBN: 9780194072618	Great Explorers 4 Class book PK Ed. Oxford ISBN: 978-0-19-4507684	<i>E-DIXGAL</i>	<i>E-DIXGAL</i>
	Open Up 1 Activity Book with Digital	Open Up . 2 Activity book with Digital	Open Up 3 Activity book +ALK with	Great Explorers 4 Activity book		

PLAN XERAL
C.E.I.P. “Alfredo Brañas”. Curso 2022- 23

	Book ISBN: 9780194071925	Book ISBN:9780194072328	Digital Book ISBN: 9780194072373	ISBN: 978-0-19-450760-8		
Relixión					<i>E-DIXGAL</i>	<i>E-DIXGAL</i>
Música	Novo Tiroliro 1 “Construindo Mundos” 2022 ISBN: 978-84-91825-401-2	Proxecto “ Os camiños do saber” Ed. Obradoiro – Santillana ISBN: 978-84-9972-089-0	Novo Tiroliro 3 “Construindo Mundos” 2022 ISBN: 978-84-9185-404-3	Proxecto “ Os camiños do saber” Ed. Obradoiro – Santillana ISBN: 978-84-9972-149-1	<i>E-DIXGAL</i>	<i>E-DIXGAL</i>
	Caderno Música Novo Tiroliro 2022 ISBN: 978-84-9185-522-4	Caderno Música 2. “Os camiños do saber” ISBN: 978-84-9972-091-3	Caderno Novo Tiroliro 3 Música 3 2022 ISBN: 978-84-9185-525-5	Caderno Música 4. “Os camiños do saber” ISBN: 978-84-9972-193-4		
Plástica					<i>E-DIXGAL</i>	<i>E-DIXGAL</i>
Valores sociais e C.					<i>E-DIXGAL</i>	<i>E-DIXGAL</i>

4º de E. Infantil (3 anos)	5º de E. Infantil (4 anos)	6º de E. Infantil (5 anos)
Pensar, pensar... 3 anos Ed. Xerais (en galego) ISBN: 978-84-9914-990-5	Matemáticas 2. Método ABN (Cuadernos 1, 2 y 3) Ed. Anaya ISBN: 978-84-678-3239.6	+ que números. Caderno 7 Vicens Vives ISBN: 978-84-682-8300-5 +que números Caderno 8 Vicens Vives ISBN: 978-84-682-8301-2 + que números. Caderno 9 Vicens Vives ISBN: 978-84-682-8302-9 A espiral das letras . Lectoescritura caderno 2 (galego) Vicens Vives ISBN: 978-84-682-0386-7

16.- PLAN DE ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE

Dende o 31 de xullo de 2014, o centro conta cun conserxe e a unha limpadora. Pertencentes ao grupo CLN, contratada polo concello da Laracha

CONSERXE:

Permanece no centro de 8:30 a 14:30 de luns a venres , e de 15:30 a 18:30 os luns, se ben este horario pode sufrir modificacións en función das necesidades do centro.

Se ben non temos unha relación oficial de cales son as súas funcións, pese a tela solicitada no concello en varias ocasións, realiza os seguintes traballos:

- Abrir o portalón do Colexio ½ hora antes do comezo das clases . O peche do mesmo depende do horario de actividades de pavillón deportivo posto que é a única entrada existente para acceder ao mesmo.
- Apertura e peche das portas dos edificios do colexio, media hora antes da entrada e 15 minutos despois da saída.
- Acendido e apagado da calefacción.
- Servizo de reprografía.
- Atende o teléfono, principalmente cando os membros do Equipo Directivo non están en horario de dedicación ao cargo.
- Repartir información e circulares polas aulas.
- Atención ao público en xeral e información do horario de atención do profesorado.
- Atención ao persoal técnico de reparacións.
- Reparar mobiliario e material do Centro (dentro das súas posibilidades).
- Recoller o Correo
- Coidado do xardín e zonas verdes do Centro.
- Informar á dirección de calquera incidencia sen dilación.
- Limpeza do pavillón

LIMPADORA

A persoa encargada da limpeza permanece no centro de 11:00 ás 14:00 e de 15:00 a 19:00 de luns a venres.

Ademais da limpeza é a encargada de abrir o centro ao profesorado de garda das tardes e atender as posibles incidencias que poidan xurdir (abrir ou pechar as portas aos

operarios que realizan reparacións, recepción de mercancías...) e igualmente informar á dirección de canto aconteza fóra da normalidade.

Dende a dirección do centro trasladamos tanto a empresa como ao Concello, o noso malestar en canto as limpeza xerais que a empresa debería facer e non fai. Limitáanse a unha única limpeza rápida de cristais no mes de setembro claramente insuficiente.

Tamén seguirá pedindo que a limpadora permaneza no centro mentres este esta aberto, xa que se non fose polas reiteradas protestas da dirección, a empresa contrata dende o primeiro día con alumnos ata o 30 de xuño, pero a apertura do centro vai de 1 de setembro a 30 de xullo.

PERSOAL AUXILIAR COIDADOR:

O centro ten unha auxiliar coidora de luns a venres nomeada pola Consellería que atende aos nenos con NEE asignados.

Acompaña aos mesmos tamén durante o servizo de comedor.

17.- TRANSPORTE ESCOLAR

Este Centro dispón de servizo de transporte escolar, posto que o seu radio abarca unha grande zona afastada do mesmo.

Dende xaneiro de 2021, o transporte do centro pasa de ser responsabilidade da Consellería de Educación a ser responsabilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dentro do servizo integrado de viaxeiros.

O cambio de titularidade da xestión, dificulta a xestión deste servizo complementario, xa que calquera incidencia ten que ser comunicada ao servizo de transporte escolar da Xefatura Territorial de Educación para que a traslade ao servizo correspondente na Consellería de Mobilidade, o que dilata os procedementos ao non ser interlocución directa.

Mantéñense as dúas rutas existentes:

- Liña 1: transporta aos alumnos/as das parroquias de Erboedo e Coiro, e o lugar de Revirente cun total de 12 alumnos/as.
- Liña 2: transporta aos alumnos/as da parroquias de Lestón e Monteagudo. Neste curso hai 39 alumnos que solicitaron praza nesta liña, 24 deles son usuarios con autorización excepcional da parada de Bico do Campo, que está a menos de 2Km do centro.
- En reunión do Consello Escolar celebrado o 30 de xuño de 2017, acordáronse como criterios para seleccionar ao alumnado proposto para a concesión de autorización excepcional, os seguintes criterios:
 - Alumnado de NEAE e problemática social
 - Distancia do domicilio do alumno ata o centro. En caso de empate, o de menor idade
 - Idade, do alumnado
 - Manter unidas as familias.
 - Asemade, levarase un control da asistencia, e aqueles usuarios de carácter excepcional que non fagan un uso regular da mesma poderán perdelo.
- As dúas liñas contan con monitoras que recollen e traen aos cativos máis pequenos ata a porta de entrada do centro. A partir da súa chegada, fanse cargo, de acordo á normativa, dúas mestras como mínimo, da custodia deste alumnado. A dirección do

centro, a principios de curso, entregaralles un cartafol coa listas dos usuarios e o telefono da directora coa que contactar en caso de emerxencia.

Cabe destacar a boa disposición das coidadoras actuais coas que a dirección do centro mantén contactos case diarios.

- Ante a publicación por parte da Consellería da *instrución conxunta 9/2017 sa Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos/as escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar, a dirección facilitoulle á empresa copia das mesmas para que coñezan o protocolo de actuación recomendado.*

****** O equipo directivo entende que esta instrución facilita e aclara o protocolo de actuación especialmente no caso de demoras do alumnado transportado. No caso de demoras na recollida no centro, a responsabilidade de custodia segue a ser dos mestres, e especialmente do equipo directivo que non só ten que localizar a familia, senón que ten que atender ao menor ata a chegada da familia ou da policía local ou garda civil segundo o caso, chegada que non sempre é inmediata.***

PROTOCOLO COVID:

O alumnado usará máscara durante todo o traxecto e ocupará un lugar fixo durante todo o curso.

ÁREA DE INFLUENCIA

A nosa zona de influencia do centro dende o curso 2011/12 segue a ser:

- Parroquia de Lestón desde o lugar de Freón
- Parroquia de Erboedo
- Parroquia de Coiro ata “O Peón” en dirección A Laracha
- Lugar de Revirente pertencente á parroquia de Soandres.

******O equipo directivo seguirá a velar polo bo funcionamento do servizo do transporte e vixiará conxuntamente coas monitoras dos autobuses ao alumando para manter un***

bo clima de convivencia mentres dure o servizo. En caso de conductas contrarias á convivencia aplicaranse as medidas recollidas nas NOFC do centro.

18.- SERVIZO DE COMEDOR E MADRUGADORES

A.- COMEDOR

O comedor escolar e de xestión indirecta da Xunta de Galicia, modalidade de *catering* a cargo da empresa Eurest Comunidades.

Este curso e tras reiteradas peticións por parte da dirección do centro perante a Secretaria Xeral, incrementáronse as prazas pasando de 40 a 55 comensais polo que se estableceron dúas quendas

O comedor funciona todos os días lectivos de 14:10 a 16:10 atendido por 3 monitoras e unha auxiliar de limpeza e supervisado pola dirección do centro ou mestre delegado.

Cada ano incrementase a petición de familias, tanto que este curso temos un 40% do alumnado que usa o comedor.

Para o curso 23/24 , no caso de que non se incremente as prazas non poderemos ofertar o servizo a novos usuarios , xa que os actuais xa coparían todas as prazas.

Dado que cada vez máis as familias demandan este servizo, o non ter prazas de comedor podería implicar un descenso no número de matriculacións para os cursos futuros.

****** O equipo directivo seguirá facendo todas as xestións posibles para mellorar o servizo e incrementar as prazas ofertadas.***

B.- MADRUGADORES

O concello da Laracha, dentro do programa municipal “Harmoniza” da concellería de servizos sociais, segue a xestionar o servizo de madrugadores dende as 07:00 da mañá ata as 09:10 con cargo a empresa Vitae-A Billarda. A finalidade é facilitar a conciliación familiar e laboral das familias financiando a aquelas que o precisen ata o 30% do custe do servizo.

Neste momento, hai 16 usuarios atendidos por dúas monitoras.

19.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

Plan de autoprotección:

O plan de autoprotección, finalmente foi redactado pola dirección do centro dentro do curso de “Elaboración do plan autoprotección” realizado pola rede de formación da propia Consellería e entregado no concello, que comprometeuse a organizar un simulacro no primeiro trimestre do curso.

O Plan de evacuación está a ser revisado e , coa axuda dunha empresa externa, realizarase unha formación para profesorado e persoal non docente de de servizos previa á realización do simulacro.

Control de persoas que acceden ao colexio:

En horario lectivo, de acordo a Orde de 22 de xullo de 1997 (DOG 02/09/1997), non poderán acceder ás aulas os pais/nais nin outro persoal sen a debida autorización e debidamente acompañados por persoal do centro.

Protección do alumnado:

O alumnado non poderá abandonar o centro en horario escolar sen contar co permiso da dirección ou do profesorado. Os/as pais/nais, ou a persoa que se faga cargo do alumnado, deberán telo comunicado con anterioridade e xustificar dita eventualidade a través da aplicación abalar ou correo electrónico..

Na hora da saída, ningún alumno/a sairá só do centro. Tampouco poderán baixar do autobús sos. En ambos os dous casos, deber ser recollidos por unha persoa debidamente autorizado nas follas de recollida de datos iniciais. Calquera cambio debe ser comunicado ben á titora , ben á dirección do centro. Os pais/nais/titores do alumnado de 5º e 6º de EP, poderán presentar ante a dirección do centro unha autorización para que os seus fillos/as poidan saír do centro ou baixar do autobús sos. Dita autorización deberán presentala, ben ao profesorado titor ou ben á dirección.

Igualmente, os/as alumnas que cheguen unha vez iniciada a actividade escolar, entrarán ao centro acompañados polo conserxe dende o portalón e os seus pais/nais ou persoas responsables xustificaran a incidencia en Abalar ou por correo electrónico..

A principios de cada curso, pasase unha folla de actualización de datos ás familias do alumnado onde se recollen teléfonos de urxencia e comunicacións, datos médicos, situación familiar e persoas autorizadas para recoller ao alumnado. En caso de enfermidade o patoloxías médicas que poidan precisar nun momento dado unha atención urxente, aconsellase as familias a inscrición no programa Alerta Escolar.

Na secretaria e na sala de profesorado, hai unha listaxe de alertas, onde debidamente identificados cunha foto, aparecen recollidos todos os /as alumnos/as que teñan algunha circunstancia especial, tanto médica como familiar.

Os pais/nais do alumnado usuario do servizo de comedor igualmente deberán comunicar por escrito á dirección do centro as persoas autorizadas e hora de recollida.

Os pais/nais dos usuarios do servizo de madrugadores entregarán aos seus fillo/as na monitora no portalón de entrada. Unha vez rematado o servizo, será a monitora a que acompañe aos menores ata a entrada das clases.

Dona Sonia Reigía Regueira, como secretaria do CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco (Lestón)-A Laracha

CERTIFICA:

Que en sesión ordinaria do Consello Escolar deste centro celebrada o día 17 de outubro de 2022 foi aprobado o presente **Plan Xeral Anual para o curso escolar 2022-2023**.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente certificación co Visto e Prace do Presidente do Consello Escolar.

A Coruña, 17 de outubro de 2022

Vº e Prace

A Secretaria

A Presidenta do Consello Escolar,

Asdo: Sonia Reigía Regueira

Asdo: M^a Agripina Alfeirán Rguez